

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas do día trinta de novembro de dous mil dezaoto, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de realizar a sesión ordinaria da Deputación Provincial en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Manuel Doval Soto, don Antonio Montero Fernández, dona Ana M.^a Villarino Pardo, dona Consuelo Vispo Seara, don Juan Anta Rodríguez, don José Antonio Feijóo Alonso, don Miguel Antonio Cid Álvarez e dona M.^a Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don Francisco José Fraga Civeira, don Miguel Bautista Carballo, don José Ignacio Gómez Pérez, dona Elvira Lama Fernández, dona Isabel Gil Álvarez, dona Susana Rodríguez Rodríguez, don Vicente Gómez García e don Adolfo González Nóvoa, do Grupo do PSdeG - PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana; e don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

Actúa como interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o vicesecretario xeral da Corporación, don Juan Marquina Fuentes.

O deputado do Grupo Socialista, don José Ignacio Gómez Pérez, entrou no salón cando se trataba o punto segundo da orde do día e ausentouse no tratamento do punto décimo primeiro.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense, no seguinte enlace: videoacta.depourense.es

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 26 DE OUTUBRO DE 2018.-

A Presidencia preguntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 26 de outubro de 2018, que foi distribuído coa convocatoria da sesión.

Non se formulan observacións e a acta do 28 de setembro de 2018 é aprobada por unanimidade.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

2º.- MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS POLÍTICOS DA CORPORACIÓN EN RELACIÓN CO ESCRITO PRESENTADO POLA PLATAFORMA PROCAPD OURENSE.-

Prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: bo día a todos e a todas, especialmente aos pais e nais da plataforma PROCAPD que hoxe nos acompañan.

Ben, vouna explicar, aínda que creo que todos somos conscientes, o outro día todos chegamos a un acordo de traer isto como unha moción conxunta de todos os grupos. Entón, dentro dese acordo tamén se recollía a posibilidade de que foran os propios pais quen explicasen cal é a problemática actualmente, co cal nós ímoslle ceder os dous *turnos* de palabra; segundo me din van a falar dúas portavoces da plataforma e elas explicarán cal é a situación. Entón, se non hai ningún inconveniente, cedémoslle os *turnos*.

D.^a Elena Domínguez Gómez, portavoz do PROCAPD de Ourense: bos días, ante todo darvos as grazas por deixarnos expor a situación actual do futuro CAPD de Ourense.

A nosa plataforma comezou a súa loita a principios do ano 2016 coa entrega na Xunta de máis de 50.000 sinaturas; logo, no mes de setembro, asinouse un compromiso por parte de todos os grupos políticos da provincia para que se levara a cabo a creación do centro público e de xestión pública entre os anos 2017 e 2018.

Despois de ofrecernos un centro que non se adaptaba ao que nós demandábamos, de viaxes á Consellería, reunións e demais; estivemos aquí defendendo unha moción coa que estiveron de acordo todos os grupos e na que se rexeitou o proxecto presentado pola Xunta porque non era o adecuado.

En febreiro do ano pasado, pedimos aos ourensáns que nos apoiaran saíndo á rúa con nós. O resultado foi unha manifestación sen precedentes en Ourense e, tal e como saíu nun medio de comunicación. *y había gente y salió a la calle y se les oyó; onde dicía tamén: se escuchó la reivindicación para un centro de atención a personas con discapacidad. En la ciudad que frecuentemente claudica de reclamar sus derechos, es para tomar nota; que tomen nota la Xunta y el Concello de Ourense, que lo hagan en serio.*

Seguinte, foi a comunicación por parte da Consellería, oito días despois da manifestación, de que se pediría ao Concello de Ourense os terreos para ubicar o CAPD.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

Un ano e dous meses despois (por fin) conséguese ceder a parcela de 4.000m² aproximadamente sita en Barbadás.

No mes de maio, chámamos para unha reunión da xefa territorial, representantes da Consellería de Política Social, alcaldía de Ourense e, en representación desta Deputación, o señor Rosendo. Nesa reunión dános a coñecer os seguintes pasos a seguir pola Consellería que serían: no ano 2018, redacción do proxecto; no ano 2019, orzamento de 3 millóns de euros e adxudicación da obra; no ano 2020, orzamento de 2,5 millóns de euros e remate da obra. Unha previsión que non se vai a cumprir xa que estamos en novembro e aínda non se formalizou o contrato para a redacción do proxecto. Outra previsión que non se vai a cumprir e a de 3 millóns de euros para o 2019; xa que ao final deron 600.000€ que, por outra parte, non entendo para que os deron, xa que en outubro comunicáronnos que a obra non se ía adxudicar ata novembro do ano próximo. E así está a cousa. Primeiro 3 millóns, logo 600.000 e, como non lles dá tempo a gastalos, supoño 0 millóns e o CAPD nin está nin *se le espera de momento*.

O 5 de xuño empezou a licitación para a redacción do proxecto; sete meses despois aínda non se formalizou o contrato. A vostedes, que están fartos de adxudicar contratos, ¿non lles parece algo moito? Para un concurso de ideas de 193.000€ e máis cando a única prórroga que houbo foron 15 días concedidos ao xurado e aínda máis, se temos en conta o tempo que normalmente lle leva adxudicar á Xunta é de 5 meses; do que se deduce que estamos gafados, un ano e dous meses para a cesión da parcela e sete meses para adxudicar a redacción do proxecto. Total, que dous anos despois de que nos dixeran que se ía construír o CAPD aínda non temos proxecto feito e, supoño, menos de tres meses non lles levará facelo; así que xa estamos, como mínimo, no mes de marzo ou abril do ano 19.

¿Que é o que vemos o que estamos esperando por este centro? Que dentro de tres meses cúmprese tres anos dende que pedimos o centro e, cando se empece a obra, serán catro anos (repito, catro anos para empezar a construír) e para cando empece a funcionar, xa, non me atrevo a dicilo.

A Xunta di que hai que cumprir os prazos de contratación e que por iso non se pode adxudicar a obra ata novembro do ano que vén. Dende logo que se empeza a licitación en maio ou xuño, dende logo que non. Se non botaran sete meses para o proxecto, poderían licitar a obra a primeiros do 19 e, así, a finais de ano estaría algo da estrutura feita.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

Por outro lado, se damos por feito que o CAPD non vai estar para o ano 2020 ¿que facemos cos rapaces que están esperando praza ata que estea o centro acabado? Digo eu que algunha solución haberá que darlles porque con dicirmos que non hai prazas o tema non se soluciona. Temos agora mesmo un rapaz cun diagnóstico de alteración de conduta con retraso psicomotor e *rasgos* de autismo que, por circunstancias da súa patoloxía, necesita ingresar nun centro, ¿que pasa neste caso? Pois que ingresou primeiro en psiquiatría de agudos e, agora, como non hai onde metelo está en Piñor á espera dunha praza que, por certo, en Galicia non hai. ¿Saben que alternativa lle deron á súa nai que o está criando soa? Pagar 2.200€ nun centro privado.

E logo disto, cando veña a campaña electoral, explíquenlle a toda esa xente que está ao redor dun neno con diversidade funcional, que é moita, que cando poñan a primeira pedra do centro xa pasaron tres anos dende que llo prometeron, que botaran outros tres anos como mínimo para a construción e logo terán que esperar outro ano mínimo para que empece a funcionar. E unha vez que lle expliquen isto, pregúntelle á xunta como lle piden a esta xente que deposite a súa confianza nas urnas.

O artigo 119 da Lei de contratos do sector público fai referencia á tramitación urxente do expediente e no seu punto 1 di: *podrán ser objeto de tramitación urgente los expedientes correspondientes a los contratos cuya celebración responda a una necesidad inaplazable o cuya adjudicación sea preciso acelerar por razones de interés público*. Está claro que estamos incluídos na necesidade inaprazable e interese público.

Solicitamos aos representantes públicos da nosa provincia que insten ao goberno galego para que antes de maio do 19 salga a licitación da obra, que dita licitación se faga con tramitación urxente e se aplique o artigo 156.3 apartado 10 da Lei de contratos. Que, se sorprendentemente a obra está rematada no ano 2020 como seguen asegurando, no ano 19 convoquen prazas para dotar de persoal ao centro; xa que non olvidemos a esixencia da nosa provincia é a xestión pública do CAPD igual que no resto das provincias galegas.

Pensamos que é o momento de que os cargos públicos da nosa provincia dean un golpe na mesa e lle digan á Xunta que Ourense tamén é da Comunidade Autónoma de Galicia e que os de Ourense chamámonos ourensáns, non parvos. É todo. Moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: ola, bos días. despois da intervención da portavoz do CAPD eu sinxelamente vou a ler as propostas que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

figuran na moción conxunta dos grupos políticos que son dúas, di: *polo tanto, esiximos que, tal e como dixo o presidente da Xunta nas últimas declaracións feitas ao respecto, antes do mes de maio do 2019 saía a licitación a obra e teñamos os pregos que rexerán os procedementos de adxudicación da mesma e o seu equipamento. E dous, o compromiso en firme para que o centro estea a pleno rendemento no ano 2020. Nada máis.*

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas señor presidente. Moi bo día a todos e a todas e moi bo día aos pais e nais e familiares de nenos e nenas con diversidade funcional que nos acompañan neste Pleno.

É unha situación que a min, por circunstancias familiares, non me é allea e, polo tanto, pouco máis vou a engadir. É unha petición xusta e necesaria e na que creo que non caben máis dilacións; por iso van ter o noso voto e o noso apoio como xa o tiveron noutra ocasión na que veu aquí. Moitas grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas señor presidente. Bos días, señoras e señores deputados e demais persoas que nos acompañan hoxe neste Pleno, ben aquí no salón de sesións ou a través da páxina web desta Institución e, de maneira especial, aos membros da plataforma que acaba de falarnos.

Eu non vou a entrar en ningún tipo de debate, non procede. O que si quero deixar claro é que o Grupo do Partido Popular nesta Deputación Provincial e o seu presidente apoian con total decisión as reivindicacións que nos fixeron chegar a todos os portavoces no escrito que, como dixo o portavoz do BNG, acordamos presentar conxuntamente. E nese sentido espero, e dígoo con total sinceridade en nome propio e dos meus compañeiros, que este acordo que hoxe adoptamos aquí sexa determinante para que esta reivindicación, defendida por todos -cada un da maneira que entende máis conveniente, pero defendida por todos- sexa unha realidade nos prazos previstos e non haxa ningún tipo de demora. Moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: grazas señor presidente. como xa anunciei, hai outra representante da plataforma que tamén quere falar, entón eu tamén lle vou a ceder este segundo *turno* para que poida intervir. Moitas grazas.

D.^a Raquel Álvarez García, membro da plataforma PROCAPD de Ourense: bos días a todos e grazas por cedernos outra vez o turno de palabra. Ademais de esixir hoxe o compromiso firme para que o CAPD estea en pleno funcionamento no ano 2020 en

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

Ourense, hoxe tamén vimos poñer encima da mesa outros temas que son moi importantes para estas persoas que teñen diversidade funcional; xa que estamos abandonamos pero en moitos aspectos.

Unha destas necesidades especiais, son os servizos odontolóxicos. Se non coñecen esta problemática, as persoas que teñen patoloxías neurolóxicas, as persoas con Alzheimer e os nenos que teñen diversidade funcional necesitan uns coidados especiais á hora dunha intervención ou dun coidado da boca. Polo tanto, por mínimo que sexa unha operación ou un coidado bucodental, necesitan anestesia; isto qué quere dicir, que non poden ir como podemos ir nós a un dentista ordinario, necesitan uns coidados especiais. Por iso, e xa fai máis de 20 anos e grazas á ANPA do CEE Miño, do Colexio de Educación Especial Miño, en colaboración co doutor Villalón, a Xunta de Galicia concedeu unha axudas bancarias e conseguíuse un quirófano destinado a estas intervencións, conseguíuse o equipamento necesario para este colectivo de persoas e un dentista que fixo o traballo voluntariamente, o doutor Villalón.

O doutor Villalón comunicounos que, despois de estar todos estes anos traballando de forma altruísta, xubíbase: polo tanto ¿cal é a nosa preocupación? Que este servizo, que ata agora estivo en pleno funcionamento, deixe de funcionar; sería un gran retroceso para Ourense. Polo tanto, unha vez que temos este servizo na provincia en funcionamento e aproveitando que xa dispoñemos do material e de todos os medios necesarios, non podemos deixar que deixe de funcionar. É un servizo importante para toda a provincia e para todo un colectivo, como dixer, moi amplo; non é só para nenos que teñen diversidade funcional é tamén para colectivo de persoas con Alzheimer, o que quere dicir para persoas de 40 anos con patoloxías neurolóxicas, con todo tipo de patoloxías.

Aínda que o Complexo Hospitalario nos informou que vai a seguir funcionando, pedimos que por parte desta Deputación faga os trámites necesarios e oportunos ante o Complexo Hospitalario para que inste, a quen lle corresponda, á continuidade deste servizo con carácter permanente e que non vaia depender da vontade dun profesional.

Ben, outro tema que tamén é importante e relevante é a escasa, por non dicir nula, oferta pública de actividades impulsadas polos organismos. Os nenos con diversidade funcional que aínda están en período escolar, nos períodos non lectivos, por exemplo no verán que son tres meses, non teñen ningunha actividade dirixida a eles e ás súas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

características. Neste caso, a familia vai a ser o único campamento –por dicilo dalgún modo-, campamento de verán que *disfruten*. Sentímonos abandonados unha vez máis nisto, ¿por que? Porque noutras provincias sabemos que, por exemplo en Coruña e Vigo, isto non pasa. Por exemplo, en Vigo a Consellería de Política Social, mediante a colaboración con entidades sociais, ofrece programas, ofrece proxectos, ofrece servizos para atención destes colectivos; como por exemplo: proxecto de autonomía persoal, proxecto de buena mano, atención a persoas con enfermidades mentais e as súas familias... e así uns cuantos que vós mesmos podédelo comprobar en Política Social, na páxina do Concello de Vigo.

¿Por que os nosos nenos e as persoas que o necesitan da nosa provincia non teñen estes medios? ¿por que quedan abandonados cando non hai nada para onde mandalos? Non o sabemos, pero queremos solucións e queremos respostas e queremos facer que a vida destas persoas sexa máis xusta e máis feliz; xa que por eles mesmos non son capaces de pedilo, non son quen de vir hoxe aquí e dicir eu quero unha actividade extraescolar para o verán, eles non son capaces por iso vimos, no meu caso unha irmá, familiares e moitos máis.

Por outra banda, aínda que sabemos que é competencia directa do Concello e que non da Deputación, queremos facer tamén fincapé noutro tema que en vez de prosperar, cada vez vai a menos, a Lei de dependencia. Esta provincia está na cola neste asunto. Sabemos que recentemente hai numerosas baixas de usuarios que deixan de utilizar o servizo da Lei de dependencia, xa sexa por falecementos ou porque os seus familiares se fan cargo deles; entón, se hai usuarios que deixan de utilizar este servizo ¿por que non se dan novas altas?. Nós sabemos que hai moitas baixas de usuarios e non se están dando novas altas. O Concello de Ourense recibe unhas subvencións por parte da Xunta de Galicia para que contrate ás persoas necesarias para levar a cabo o respiro familiar que é unha acuda que consiste en atender a persoas dependentes na casa. Entón, volvo a repetilo, se hai numerosas baixas, ¿que pasa con esas horas, que pasa con ese diñeiro que a Xunta de Galicia ofrece ao Concello e non se cumpre?

Estas problemáticas que hoxe estamos formulando aquí só son algunhas de outras moitas que atopamos os familiares día a día cando temos unha persoa destas características na nosa casa. Por iso, e xa a modo de conclusión persoal, eu preguntome ¿por que eu que son unha rapaza que teño todas as facultades mentais, físicas, psíquicas e todo demais, teño

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

facilidades educativas, facilidades sociais, sanitarias, de ocio e tempo libre, por que a miña irmá que ten 20 anos o ano que vén se ten que quedar na casa se non hai ofertas de prazas públicas nin hai un CAPD? ¿por que á miña irmá témola que desprazar para Santiago para os seus tratamentos odontolóxicos se nos quedamos no servizo que hai en Ourense? o que isto leva, desprazar a unha persoa, toda a familia, estar en Santiago... é un gran inconveniente. E por último, ¿por que no verán non poden gozar dun campamento, dunhas actividades igual que o resto dos nenos que non teñen necesidades educativas especiais? Moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: xa escoitamos á portavoz da plataforma facer referencia aos múltiples problemas deste colectivo, só quería *apostillar* unha cousa que dixo. Dixo, falando dos tratamentos odontolóxicos, que eses pacientes necesitan anestesia; estou seguro que o que quixo dicir é que o que necesitan, en moitos casos, anestesia xeral. Eses pacientes, ás veces, para facer un simple empaste ou para facer unha extracción sinxela, hai que durmilos como se fora unha operación do corazón porque, claro, ás veces non están quietos, non seguen as instrucións que lle dá o dentista, ás veces tragan as *piezas* sen darse conta. Entón, moitas veces, precísase máis dun profesional para suxeitalos e para tranquilizalos; entón en moitos casos os profesionais para unha operación sinxela, xa digo, unha mera endodoncia, ás veces teñen que facer anestesia xeral con todos os riscos que iso supón, como xa todos saben. Creo que iso foi o que quixo dicir cando dixo que necesitaban anestesia, anestesia xeral. Nada máis. grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: brevemente señor presidente porque pouco podería dicir, ou pouco podería engadir, ao xa dito. As miñas palabras, as miñas verbas non tería esa carga de verdade, de profundidade, do que acabamos de escoitar; simplemente para dicir que teñen todo o noso apoio a unha reivindicación e unhas demandas que entendo que son totalmente xustas. Moitas grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas señor presidente. Tamén con brevidade, facemos nosas estas reivindicacións unha vez máis e este Grupo e o seu presidente faraaas chegar a aquelas institucións ou organismos que sexa *menester*, para que sexan realidade máis pronto que tarde. Moitas grazas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2º](#).

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o pleno adopta o seguinte acordo:

Demandarlle ao presidente da Xunta de Galicia que antes de maio de 2019 saian a licitación as obras do Centro de Atención a Persoas con Diversidade Funcional e o compromiso en firme para que o centro estea a pleno rendemento no ano 2020.

3º.- PROGRAMA DE COOPERACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS BENOURENSE PERSOAL TÉCNICO 2019

O Sr. vicesecretario expón o contido do ditame favorable da comisión informativa de Igualdade, Benestar e Emprego.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: grazas señor presidente. Simplemente repetir os mesmos argumentos de outros anos respecto deste punto, nós vamos a optar pola abstención. Nós xa temos dito máis veces que pensamos que esta é unha competencia impropia e que isto debería estar atendido pola propia Xunta de Galicia.

En todo caso, si valoramos o feito de que se intenten paliar esas carencias dende esta Institución. En todo caso, co que si non estamos en absoluto de acordo en que queden fóra concellos de menos de 5.000 habitantes, que son a maioría na nosa provincia, e que queden excluídos, como digo, da posibilidade de dispoñer de técnicos de apoio en servizos sociais porque non entran dentro deste programa. Nós vamos a optar pola abstención. Moitas grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas de novo, señor presidente. Nós tamén nos imos abster, igual que o fixemos en anos anteriores e a razón xa a temos dito tamén, é moi sinxela, anticipouna tamén o portavoz do BNG; é dicir, quedan fóra posibles usuarios desta provincia, os daqueles concellos de menos de 5.000 habitantes que non están mancomunados.

Eu sei, porque xa o debatemos máis veces e temos falado deste tema, que nada lles impide que se agrupen e que presenten un proxecto, pero estamos no de sempre, teñen que avanzar o diñeiro e moitas veces os Concellos non teñen posibilidades de avanzar este

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

diñeiro. Habería que buscar algunha fórmula e tampouco teñen garantías de que llo vaian dar porque xa temos visto outras veces que é unha partida que está pechada para os Concellos e para a planificación que xa existe, segundo vén no anexo.

Polo tanto, esa é a razón pola que nos imos abster, do contrario votaríamos a favor.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas presidente. vou a ser moi breve, pero considero que debo dicir algunhas cousas porque, como xa se apuntou aquí, os argumentos son ano a ano os mesmos. Entón, só darei uns cantos datos non só para nós, que tamén, senón para a xente que nos poidan estar escoitando ou seguindo neste Pleno, agora ou a posteriori.

Pois ben, como ben se di na proposta da presidencia, as bases que hoxe traemos aquí foron redactadas pola Área de Benestar, quede claro, co apoio da Secretaría Xeral, non podería ser doutro xeito. Teño que dicir tamén que estas bases adáptanse e recollen na súa formulación a definición do Decreto 99/2012 que regula toda esta problemática e cuxo perfil profesional defínese neste Decreto que sexa diferente ao de traballador social. O módulo económico subvencionado pola Deputación, adáptase así ao previsto tamén na Orde do 13 de xullo de 2016 da Consellería de política Social. Debo destacar tamén que, tendo en conta os módulos económicos que son de aplicación para o cálculo económico e o número de técnicos que corresponden as entidades UNIS e UTES da provincia, as disponibilidades orzamentarias -e isto tamén hai que destacalo, o diñeiro non é infinito, é o que é-, as disponibilidades orzamentarias previstas para o ano 2019 ascenden á contía de 299.511€ Este programa refírese a dúas accións moi concretas, unha primeira acción de asistencia económica co obxecto de garantir o financiamento e nomeamento de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais, repito, diferentes e complementarios, iso si, ao de traballador social. E unha segunda acción de asistencia técnica e xurídica en materia de servizos sociais complementarios da asistencia económica; este servizo, señores Rodríguez Suárez e Fraga Civeira, este servizo prestarase de xeito prioritario ás entidades locais correspondentes ás áreas rurais de menos de 5.000 habitantes e rurais de alta dispersión. Quede claro que estas prestacións serán totalmente gratuítas para eses Concellos e Mancomunidades, e digo que quede totalmente claro, outra cousa son determinados intereses lexítimos de determinados Concellos e os seus

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

responsables que pretenden outro tipo de vías de solución dalgúns temas persoais, políticos ou parapersoais, ou parapolíticos; enténdaseme ben.

En relación co acción unha de prestación económica debo dicir o seguinte. O importe da subvención por profesional será equivalente aos módulos económicos previstos no artigo 47 do xa citado Decreto 99/2012 polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, modificándose, iso si, pola Orde do 13 de xullo de 2016. É dicir, por cada técnico do grupo A, subgrupo A2, para UTES ou UNIS que xa citei, 16.515€ e por cada técnico do grupo A, subgrupo A1, para as UNIS, 20.229€. O cadro de distribución destas subvencións non o vou a repetir porque figura na documentación que obra no poder de todos vostedes no Anexo I destas bases.

Polo que respecta á acción 2 de asistencia técnica e xurídica aos servizos sociais municipais, debo aclarar tamén o seguinte. O equipo técnico provincial de servizos sociais –digo, o equipo técnico de servizos sociais provinciais- operará baixo a dependencia da Área de Benestar e realizará labores de coordinación e apoio aos equipos municipais e Mancomunidades; e repito outra vez, e dirixirase prioritariamente ás entidades correspondentes ás áreas rurais de menos de 5.000 habitantes e ás áreas rurais de elevada dispersión e, como xa dixen anteriormente, prestacións totalmente gratuítas, polo tanto non queda ningún Concello desamparado que non teña necesidade deste servizo e dende aquí se lle prestará no momento oportuno.

Dito isto, adiántolles que o programa BenOurense de cooperación coas entidades locais da provincia para a prestación do servizo de axuda no fogar básico presentarase en breve e, como novidade, introducirá unha clasificación de Concellos desta provincia en función da súa situación demográfica. Esta proposta está, ou estará en consonancia cos acordos da Federación Española de Municipios e Provincias e tamén en sintonía, hai que dicilo, co Real decreto 1234 do presente ano que se refire, precisamente, á concesión directa de subvencións a entidades locais para proxectos de emprego, auto emprego ou emprendemento colectivo dirixidos a afrontar o reto demográfico en concellos de menor poboación que, desgraciadamente, na nosa provincia son case todos (deste tema estou seguro que na moción que vén a este Pleno falará o meu compañeiro, señor Anta, con detalle) e adiántolles tamén que esta Deputación presentará un proxecto ao abeiro do

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

disposto neste Real Decreto para o fomento do emprego xuvenil no que está traballando o meu compañeiro vicepresidente, señor Pumar, e os técnicos desta Casa.

Dito isto, creo que queda suficientemente claro que o programa é completo, na medida que pode e esta Deputación dadas as súas dispoñibilidades orzamentarias, e ningún Concello, repito, quedará sen a asistencia técnica que precisa. Moitas grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: si, simplemente para lle precisar ao señor Álvarez Dobaño e dicirlle unha cousa. Creame, señor Álvarez Dobaño, que nesta ocasión o que menos me interesa son os intereses que poidan ter os alcaldes; interésanme máis aqueles posibles destinatarios, aqueles posibles usuarios de Concellos de menos de 5.000 habitantes que non estean mancomunados e que non poidan acceder á Acción 1: asistencia económica. Eu non falei da asistencia técnica xurídica que, evidentemente, é para todos tal e como está contemplado e na que, incluso, terá unha gran prioridade aqueles Concellos que teñen menos de 5.000 habitantes.

Ao tempo que lle digo isto, tamén lle formulo unha pregunta; é dicir ¿que inconveniente hai para que nas bases se inclúa unha fórmula destinada a abrir a posibilidade de aqueles concellos de menos de 5.000 habitantes non mancomunados se poidan agrupar e chegar a unha poboación de 5.000 e aberta esta posibilidade? Ábrana. Se finalmente non hai ningúns Concellos que acudan a esa fórmula, eu terei entón que me calar e direi non queren; pero abran esa posibilidade, ¿que é o que o impide? Eu creo que nada. Entón, nós si que a votariamos. E falamos da Acción 1, non confunda coa 2. Moitas grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: ben presidente, vexo que me colleu *testigo* o señor Fraga Civeira e os dous sabemos por qué, e máis xente que está aquí tamén; pero *bueno*, ímolo deixar así, o que nos ocupa aquí é o xenérico e non o particular, ninguén en particular, valla a expresión.

Mire vostede, a asistencia económica é precisamente para cofinanciar, e digo cofinanciar; é dicir, que aqueles Concellos e Mancomunidades ás que se lle concede esa dotación económica, teñen que poñer cartos, ou pagarlle un *sueldo* mísero a eses técnicos, polo tanto non é ao 100%. Sen embargo, na asistencia técnico xurídica a través desta Casa os técnicos serían con gratuidade total aos Concellos que o reclamáramos no seu momento. Iso é así e, se vostede o leva ao tema por aquilo de xerar emprego necesario ou non necesario, que sempre é necesario, pero menos necesario e vostede xa sabe por onde vou,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

entón terei que darlle a razón; senón a provincia queda suficientemente cuberta con esta asistencia económica nesas UNIS e UTES ás que me referín e os técnicos desta Casa nesas concellos de menos de 5.000 ou de alta dispersión que reclamen ou soliciten a axuda correspondente nesas dous apartados: técnico e xurídico. Nada máis.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3º](#).

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e a abstención do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente o Programa provincial de cooperación coas entidades locais en materia de servizos sociais “BenOurense persoal técnico 2019”, conforme coas bases seguintes:

I) Bases xerais:

A) Obxecto e alcance do Programa:

Constitúe o obxecto do presente Programa Provincial de Asistencia Económica, Técnica e Xurídica aos Concellos en materia de Servizos Sociais Comunitarios para o exercicio 2019, denominado Programa BenOurense persoal técnico, o establecemento, de xeito integral e detallado, regulando os trámites para a súa total execución, das accións que lle corresponde desenvolver á Deputación Provincial de Ourense en virtude das competencias atribuídas polos artigos 109.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, 63 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e 31 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo Decreto 148/2014, de 6 de novembro, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

En consecuencia, e ao abeiro dos preceptos citados, o obxecto do Programa cingúese á programación detallada das accións de asistencia técnica, económica e xurídica aos concellos con menos de 20.000 habitantes na execución das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios básicos. Para estes efectos, inclúense tamén as mancomunidades intermunicipais que xestionen servizos sociais dun conxunto de municipios con menos de 20.000 habitantes, ao tratarse de meras entidades instrumentais dos concellos que exercen competencias delegadas por aqueles. Tendo en conta o disposto no artigo 31.3 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, este Programa refírese á

1. Acción 1ª.asistencia económica, co obxecto de garantir o financiamento aos concellos e mancomunidades de menos de 20.000 habitantes para a contratación ou nomeamento de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios ao de traballador/a social.

2. Acción 2ª: asistencia técnica e xurídica en materia de servizos sociais, complementaria da asistencia económica. Esta prestación levarase a cabo por persoal da Área de Benestar da Deputación, consistindo na emisión de informes técnicos e xurídicos en materia de servizos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

sociais. Este servizo prestarase de xeito prioritario ás entidades locais correspondentes a áreas rurais de menos de 5.000 habitantes e rurais de alta dispersión.

B) Procedemento de adhesión dos concellos e mancomunidades.

Ao abeiro do establecido na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no artigo 14.2, a presentación de solicitudes tramitarase exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria que a presentación de solicitudes sexa conforme co previsto nesta base.

Os concellos e mancomunidades interesados en participar no Programa deberán comunicarlle a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante resolución da Alcaldía (ou órgano delegado, se é o caso), na que se manifeste expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no Programa, para o que deberán utilizar obrigatoriamente os modelos facilitados pola Deputación e que deberán ser descargados na aplicación informática <http://benourense.depourense.es>.

O prazo de presentación da adhesión será de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao desta publicación. A comunicación da adhesión asinaráa dixitalmente o/ alcalde/esa, presidente/a ou secretario/a da entidade local e presentarse telematicamente no Rexistro da Deputación de Ourense. Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión formulada en data posterior.

A Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

A presentación da solicitude telemática en tempo e forma determinará a adhesión da entidade local ao Programa, sen necesidade de máis trámites. Sen prexuízo do anterior, e para os efectos de publicidade, as subvencións concedidas e os seus importes declararanse expresamente mediante resolución da Presidencia que será obxecto de publicación no BOP. Nesta mesma resolución da Presidencia denegarase a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ao establecido no presente Programa ou no modelo de adhesión.

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do Programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior se entenderá que renuncian a participar no Programa, causando baixa automática nas súas previsións.

Coa adhesión os concellos e mancomunidades manifestarán expresamente a asunción das obrigas previstas neste programa e, de forma específica, a aceptación das normas de uso da plataforma informática <http://benourense.depourense.es> no programa para a contratación de persoal técnico.

C) Réxime xurídico das subvencións de asistencia económica previstas no presente Programa.

De conformidade co establecido na disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, as subvencións de asistencia económica previstas no presente Programa rexeranse polo establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións e da dita Ordenanza de aplicación supletoria.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

D) Tramitación das subvencións de asistencia económica. Xustificación e pagamento. Reintegro e perda do dereito ao cobro.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

As subvencións previstas no presente Programa entenderanse automaticamente concedidas ás entidades locais adheridas regularmente conforme coa base B), procedéndose á súa xustificación e pagamento nos seguintes termos:

D.1) Pagamento anticipado do 70 % do importe máximo total de subvención previsto:

Antes do 1 de abril, a Deputación Provincial procederá, de oficio, ao libramento, en concepto de anticipo a xustificar, do 70 % do importe máximo de subvención total previsto a cada concello sempre que a entidade beneficiaria teña introducido no programa de seguimento da Deputación de Ourense os datos referidos ao persoal contratado ou adscrito.

O 30% restante aboaráselle unha vez remitida a xustificación final conforme co previsto nestas bases.

Para proceder a este libramento as entidades adheridas deberán estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social, para o que presentarán certificacións que así o acrediten salvo que autoricen á Deputación de Ourense a consultalo automaticamente a través da plataforma de intermediación de datos, para o que deberán cubrir o anexo II desta bases reguladoras.

Excepcionalmente, se por calquera razón non se puidese acceder á consulta automatizada destes datos, solicitaráselle á entidade que os engada telematicamente con carácter anterior ao libramento do anticipo.

D.2) Xustificación e pagamento da subvención para o financiamento de persoal técnico.

A xustificación realizarase do xeito previsto na base II.3.

D.3) Obrigas de reintegro e perda do dereito a cobro:

A Deputación Provincial poderá declarar a obriga de reintegro ou a perda do dereito ao cobro da subvención, segundo proceda, por calquera das causas previstas na lexislación xeral de subvencións e nas bases do presente programa.

Non obstante o anterior, non será necesaria a tramitación do expediente de reintegro ou de perda do dereito a cobro nos supostos en que o importe dos gastos xustificadas polas entidades locais beneficiarias sexan inferiores ás contías iniciais máximas das subvencións previstas no presente programa. Neste suposto, a cantidade que deberá aboarse reaxustarase automaticamente segundo proceda, compensándose do mesmo xeito co anticipo librado, de ser o caso.

E) Control financeiro das subvencións.

Sen prexuízo das obrigas de xustificación impostas aos beneficiarios, as actuacións de prestación de servizos sociais comunitarios das entidades locais adheridas que constitúen o obxecto das subvencións previstas no presente Programa quedarán suxeitas ás actuacións de control financeiro que poida acordar a Intervención da Deputación, ao longo dos exercicios 2019 e 2020. O control financeiro incluírá actuación de supervisión e control das actividades subvencionadas, tanto no relativo a prestación dos servizos como á súa xestión e tramitación administrativa. Os controis serán realizados por persoal da Área de Benestar, baixo a dirección da Intervención provincial, conforme co establecido na Lei xeral de subvencións e, en función dos seus resultados, poderá dar lugar á apertura de expediente de reintegro no suposto en que ao seu través se detectase a concorrencia dalgunha das causas legais de reintegro previstas na lexislación vixente.

O sometemento a control financeiro das entidades adheridas ao programa poderá ter carácter xeral para todas elas ou ben limitarse a unha mostra aleatoria de cando menos dez entidades, que serán determinadas mediante sorteo realizado en acto público, cuxa realización se anunciarase coa debida antelación na sede electrónica da Deputación

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

Provincial. O resultado do sorteo e o inicio das actuacións de control financeiro comunicaráselles ás entidades afectadas cunha antelación mínima de quince días naturais respecto da data do inicio das actuacións inspectoras. En todo caso a Intervención provincial daralle conta á Presidencia tanto da decisión de someter a control financeiro o programa como do contido das actuacións realizadas.

F) Obrigas das entidades locais adheridas:

Sen prexuízo das obrigas establecidas con carácter específico e de sometemento ao control financeiro previsto nas bases xerais, as entidades adheridas estarán obrigadas a:

a) Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar cada un dos pagos da subvención.

b) Facilitarlles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento dos servizos sociais municipais que se lles demande. A negativa a facilitar esta información, ou a demora inustificada no seu envío, dará lugar á exclusión da entidade local do presente Programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou reintegro, segundo proceda, das subvencións percibidas ou concedidas ao seu abeiro, a cal será obxecto de declaración pola Presidencia da Deputación, trala tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

c) A identificar os servizos cofinanciados pola Deputación de Ourense, dende o momento en que se publique a resolución no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. Transcorridos quince días dende esta publicación remitiráselle telematicamente á Deputación de Ourense fotografías nas que conste a identificación do servizo/persoal cofinanciado pola Deputación e que responderá ás normas de información e publicidade que se farán chegar pola Deputación de Ourense para que sexan observadas polas entidades que se adhiran a estes programas. O incumprimento das obrigas de publicidade dará lugar ao reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención, con carácter parcial, e ata un importe do 20 % da subvención concedida, determinándose de conformidade co principio de proporcionalidade e en atención á gravidade do incumprimento comprobado. A declaración da obriga de reintegro ou da perda do dereito ao cobro da subvención realizarase por resolución da Presidencia da Deputación, trala tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

II) Bases relativas á Acción 1: Equipos técnicos municipais de servizos sociais:

II.1 Obxecto:

En virtude desta actuación, a Deputación Provincial subvencionará a contratación ou nomeamento de profesionais titulados/as que se integren nas unidades de servizos sociais das entidades sociais que, segundo o previsto no Anexo II do Decreto 99/2012, do 16 de marzo teñan clasificación de Unidades de Traballo e Educación Social (UTES), ou Unidades Interdisciplinares de Intervención Social (UNIS).

A través do presente Programa, a Deputación subvencionará exclusivamente a contratación ou nomeamento dos/as profesionais titulados/as que se integren nas unidades de servizos sociais das entidades locais de menos de 20.000 habitantes que non sexan subvencionados pola Xunta de Galicia, conforme co previsto no artigo 47 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo. No caso de adscricións de funcionario/a ou persoal laboral de concellos e/ou mancomunidades terá que estar en situación laboral de alta para poder ser subvencionado con cargo a este programa.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

No contrato, ou na decisión formal de adscribir a persoal propio da entidade, deberá reflectirse a titulación do/a profesional (ou profesionais), así como a categoría profesional da persoa que se adscribe/contrata e as funcións que desenvolve dentro da/s unidade/s de servizos sociais.

Poderá xustificarse o custo laboral bruto dende o 1 de xaneiro de 2019. En todo caso, para o cobro da cantidade total asignada, terase en conta que o período de contratación pola entidade sexa, cando menos, de **7 meses no exercicio 2019 e en xornada superior ás 20 horas semanais**. No caso de que a duración do contrato fose inferior en tempo ou en xornada laboral realizarase un rateo da subvención aprobada para este concepto.

A subvención concedida pola Deputación de Ourense para a contratación/adscrición será incompatible con calquera outra concedida por outra administración pública para o cofinanciamento do mesmo contrato/retribución.

Os/as profesionais con contrato ou adscrición deberán formar parte do equipo municipal de servizos sociais comunitarios da entidade e desenvolver funcións relacionadas, o cal se documentará cun certificado da persoa titular da secretaría municipal no que conste que o/a profesional desenvolve funcións do ámbito dos servizos sociais municipais.

En concreto, serán beneficiarias de subvención as entidades locais (concellos ou mancomunidades) que se atopen clasificadas nos seguintes supostos conforme co Anexo I do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro:

a) Entidades locais de áreas rurais de máis de 5.000 ata 12.000 habitantes e de áreas semiurbanas de máis de 10.000 e ata 15.000 habitantes: 1 técnico/a equivalente a un grupo A, subgrupo A2 -diferente ao/á traballador/a social- que complemente os servizos sociais e desenvolva a totalidade da súa xornada laboral dentro deste ámbito.

b) Entidades locais de áreas rurais de máis de 12.000 e menos de 20.000 habitantes e de áreas semiurbanas de máis de 15.000 e ata 20.000 habitantes : 1 técnico/a igual ou equivalente a un grupo A, subgrupo A2, – diferente ao/á traballador/a social que desenvolva a totalidade da súa xornada laboral dentro da área de servizos sociais do concello ou mancomunidad, e 1 técnico/a igual ou equivalente a un grupo A, subgrupo A1 que desenvolva a totalidade da súa xornada laboral dentro da área de servizos sociais.

II.2. Contía da subvención:

O importe da subvención por profesional será equivalente aos módulos económicos previstos no artigo 47.3 do Decreto 99/2012 de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento modificados por Orde de 13 de xullo de 2016 (DOG número 140 de 26 de xullo de 2016)

- Por cada técnico/a grupo A, subgrupo A2 (UTES e UNIS): 16.815,00 euros.

- Por cada técnico/a grupo A, subgrupo A1 (UNIS): 20.229,00 euros.

O cadro de distribución das subvencións por entidades beneficiarias, cos importes correspondentes, figura como anexo I do Programa.

II.3. Xustificación e pagamento:

A xustificación realizarase do seguinte xeito:

a) Unha vez realizado o(s) contrato(s) ou nomeamento(s) do persoal técnico, o concello ou mancomunidad terá que introducir no sistema de xestión telemática os datos referidos a este contrato ou nomeamento, especificando categoría profesional, xornada de traballo, nome, apelidos e NIF, e o custo laboral previsto para estas persoas desagregando a retribución bruta e o custo de seguridade social con cargo á entidade local.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

No suposto en que a entidade local xa dispuxese do persoal técnico obxecto de subvención con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2019, farase constar esta circunstancia, considerándose que o persoal está contratado ou nomeado con data de 1 de xaneiro, para os efectos da xustificación da subvención.

Para a carga dos datos no sistema deberá utilizarse o modelo definido pola Deputación e que será descargado da propia plataforma informática. O sistema permitirá xerar a certificación final, que deberá remitírselle telematicamente ao rexistro electrónico da Deputación ata o 31 de xaneiro de 2020, xunto cunha memoria descritiva dos servizos sociais efectivamente prestados segundo o modelo que figure na plataforma.

Deberá engadirse certificado de estar ao día das súas obrigas coa Seguridade Social, certificación de estar ao día das súas obrigas coa Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia e certificación de estar ao día das súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, salvo que as entidades adheridas autoricen expresamente á Deputación de Ourense, a consultalo automaticamente para o que cubrirán a autorización prevista no anexo II destas bases.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos de xeito automático ou tales datos non estean envorcados na plataforma de intermediación de datos poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación deles.

A recepción da certificación e a memoria equivalerá ao acto administrativo de declaración da xustificación da subvención, procedéndose no prazo máximo de 30 días naturais ao libramento do importe xustificado, que será o equivalente ao 30 % da contía máxima de subvención inicialmente prevista, agás que o contrato ou nomeamento do persoal técnico tivese unha duración inferior, en tempo ou en xornada laboral tal como se recolle na base II.1, en cuxo caso o seu importe ratearase proporcionalmente de xeito automático.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas presidente. Moi brevemente, simplemente destacar que se trata dunha modificación, ou dunhas modificacións de determinadas cláusulas a proposta da Confederación Hidrográfica Miño-Sil e que esta Deputación, vistos os informes técnicos pertinentes, está totalmente de acordo no que afecta a esta Deputación; no demais, autonomía do Concello e da propia Confederación Hidrográfica. E si destacar que unha obra de gran importancia para o Concello de A Veiga, especialmente para os núcleos que une esta ponte. O importe é considerable, 400.000€ que se distribuíron nas tres anualidades 2017-2018 e a que se reaxusta para o ano 2019 e dos cales o 50% achégao a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, 200.000€ a Deputación Provincial o 35%, 140.000€ e o Concello da Veiga o 15%, 60.000€ Noraboa ao alcalde da Veiga polas xestións que fixo, que sei que lle custaron un montón e algo máis. Moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: hola. Nosotros dijimos antes que no porque así me daba a mí tiempo de leer de qué va esta moción. ¡No, es una broma!

Nosotros vamos a votar a favor de esto. Primero, estamos en contra del uso arbitrario de la Diputación sea siempre para Concellos del PP, porque demuestra que el uso de la Diputación tiene un fin de selección perversa, porque se ayuda, principalmente, a ayuntamientos del Partido Popular; con lo cual, ya obviamente es un uso perverso de dinero público y esto debería de estar totalmente prohibido. Debería de estar estipulado claramente que debería ir por proporción a sus habitantes y X; pero no se puede hacer este uso discriminado.

Entonces, estamos en contra por un lado porque siempre está favoreciendo a personas del Partido Popular, perdona, a Ayuntamientos regidos por alcaldes del Partido Popular. Pero por otro lado, en este sentido, sí que la Diputación tiene sentido, hacer unas obras como es en este caso: *para o financiamento, execución e entrega, para o seu mantemento e conservación, das obras do proxecto acondicionamento, protección e mellora da conectividade das marxes do río Xares ao seu paso polos núcleos de Xares, Ponte e Baños (A Veiga).* ¿Es así, no? Entonces nosotros estamos a favor de esta obra porque, como ya decía Julio Iglesias la gente viene y se va, pero al final las obras queda. ¿Cómo decía la canción? Decía así, ¿no?, las obras son las que quedan; entonces el dinero

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

público en este caso, pues mira....Si antes, con el tema de la publicidad inteligente era dinero tirado a la basura directamente; aquí, por lo menos, estas obras quedarán.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5º](#).

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e de Democracia Ourensana (2) e a abstención do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar a modificación da cláusula segunda en canto á vixencia do convenio, o **Anexo I**, no referido ás anualidades nas que se executará a actuación para acomodar as achegas económicas dos outorgantes ás novas necesidades e ao ritmo de execución das actuacións e a **cláusula duodécima** no relativo ás referencias a encomenda de xestión, do convenio de colaboración entre a C.H. do Miño-Sil, a Deputación de Ourense e o Concello de A Veiga para o financiamento, execución e entrega, para o seu mantemento e conservación, das obras do proxecto acondicionamento, protección e mellora da conectividade das marxes do río Xares ao seu paso polos núcleos de Xares, Ponte e Baños, consonte co seguinte texto:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-Modificación do apartado primeiro da cláusula segunda.

Modifícase o apartado primeiro da cláusula segunda, que queda redactado do seguinte modo:

1. O presente convenio resultará eficaz unha vez inscrito no Rexistro Electrónico Estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal, e publicado no Boletín Oficial do Estado.

A súa vixencia concluirá o 31 de decembro de 2020, salvo que nesa data non finalizasen as actuacións obxecto deste nin se procedese á recepción das obras, liquidación do contrato, finalización do prazo de garantía, e entrega das obras conforme co establecido na cláusula sétima, nese caso os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais.

SEGUNDA.- Modificación da cláusula duodécima.

A cláusula duodécima modifícase integramente do seguinte modo:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

1.- A actuación obxecto deste convenio entregaráselle definitivamente ao Concello da Veiga mediante mutación demanial que non alterará o réxime da titularidade das obras e instalacións obxecto desta, nin as facultades de inspección e control sobre eles que, en todo caso, lle corresponden ao organismo de conca como titular.

2.- A Confederación Hidrográfica de Miño-Sil, O.A. consente expresamente que o Concello da Veiga poida xestionar a explotación, mantemento e conservación das obras obxecto do presente convenio, directa ou indirectamente, segundo o establecido na normativa vixente.

3.- As partes aceptan que a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A. tramite, ante a Dirección Xeral de Patrimonio do Ministerio de Facenda e Función Pública, o correspondente expediente de mutación demanial interadministrativa, a favor do Concello da Veiga, ao abeiro do precitado artigo 71.4 da Lei do patrimonio das administracións públicas, para a súa afectación ao servizo público competencia da entidade local.

TERCEIRA.- Modificación do Anexo I.

Modifícase o Anexo I engadindo a anualidade 2019 e axustando de novo as contías do seguinte modo:

PROGRAMACIÓN INICIAL DAS ANUALIDADES PREVISTAS

	TOTAL	CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL (50%)	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE (35%)	CONCELLO DA VEIGA (15%)
2017	7.122,88 €	3.561,44 €	2.493,01 €	1.068,43 €
2018	16.054,62 €	8.027,31 €	5.619,12 €	2.408,19 €
2019	376.822,50 €	188.411,25 €	131.887,87 €	56.523,38 €
SUMA	400.000,00 €	200.000,00 €	140.000,00 €	

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

				60.000,00 €
--	--	--	--	--------------------

2º. Ao tratarse dun **gasto plurianual**, comprometerse ao cumprimento do réxime financeiro proposto, co compromiso de incluír no orzamento xeral desta Deputación para o exercicio de 2019 a cantidade correspondente para asumir as anualidades do gasto indicadas.

6º.- CAMBIO DE DATA DO PLENO DO MES DE DECEMBRO DE 2018.-

Logo da ratificación, por unanimidade, da inclusión do asunto na orde do día, o Sr. vicesecretario expón o contido da proposta da Presidencia.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: sí. Bueno, es mentira que esto se haga porque le conviene más a la Diputación y por temas de calendario y todo eso. Realmente esto es por los privilegios de los funcionarios. Básicamente los funcionarios de la Diputación y del Concello de Orense son los más privilegiados y, obviamente, cuanto menos se meta ya en pleno de la Navidad los Plenos; por los políticos también que quieren esquivara las fechas, pues es el motivo principal por el que se hace. Siempre se anda con estos rollos porque realmente, ay, no, no vamos a meterlos ahí porque mucha gente coge puentes y se van.

En cualquier caso, nosotros no nos oponemos a este cambio; hasta nos viene bien que se haga el día 21; así hacemos un especial de Navidad para *Auria TV*.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: si, grazas. Simplemente señor Pérez Jácome que o ano pasado, e é tradición nesta Deputación facer este cambio, recordo que votaron a favor o ano pasado. Vese que vostede está cambiando a súa dinámica. Está cambiando, aproxímase maio. Moitas grazas

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6º](#).

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Fixar a data de celebración do Pleno ordinario do mes de decembro, para o día 21 de decembro de 2018, venres, ás 10.00.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

As comisións informativas ordinarias terán lugar os días 12 e 13 de decembro, pola mesma orde que no resto dos meses.

7º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE O ESPOLIO ENERXÉTICO.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: grazas señor presidente. O nacionalismo galego defende que a enerxía debe ser entendida como un ben público e a política enerxética debe desenvolverse en base a esta consideración, superando a concepción actual como unha mera mercadoría legalizada polos gobernos centrais de Partido Popular e Partido Socialista.

Do mesmo xeito, o subministro de enerxía debe ter a consideración de servizo público e o seu acceso debe ser un dereito garantido para todas as persoas por riba de intereses económicos do oligopolio eléctrico. Porén, na actualidade, o sistema funciona en liñas totalmente contrarias a este principios favorecendo un prezo final da enerxía eléctrica imposible de soportar para moitos fogares e tamén para o tecido económico e social de Galicia.

Un factor fundamental é que o sistema actual de xeración de prezos é totalmente opaco e inxusto. Mediante un mecanismo de poxa o prezo final da electricidade no mercado maiorista vén determinado pola última oferta en xeral aceptada; isto significa que, posto que existen tecnoloxías que producen a un custos moi diferentes, acaban marcando o prezo de forma habitual unha das tecnoloxías máis caras. Isto dá como resultado que se xeren os coñecidos no sector beneficios chovidos do ceo; especialmente no caso de tecnoloxías case o totalmente amortizadas como sucede coas hidroeléctricas e coa enerxía nuclear.

Por poñer un exemplo, no último ano completo, no 2017, as tres maiores compañías eléctricas que operan no Estado español –Iberdrola, Endesa e a que agora é Naturgy- obtiveron uns beneficios de 5.627.000.000€ un 3% máis que no exercicio anterior malia que 2017 foi un ano de seca que impactou de forma negativa en termos hidrolóxicos, cómpre tamén ter en conta que Galicia tivo e ten un papel de produtor de enerxía que non foi recollido polos galegos e galegas, senón que é consecuencia dunha cadea de decisións alleas –moitas delas do período da ditadura franquista- e do que non obtemos compensación.

Nesa función imposta de país produtor, xeramos enerxía para o consumo de outros

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

territorios do Estado Español, exportando unha media dun 35% de electricidade mentres outros territorios aforran os custos do impacto ambiental e social que sufrimos nós. Galicia non ten ningún beneficio. Isto obedece a un deseño centralista do Estado español que, mentres nos adxudicaba ese papel, reservaba para outros lugares ser o centro da industrialización e do desenvolvemento económico.

Dende o BNG defendemos que Galicia ten dereito a controlar os seus recursos enerxéticos e para iso é fundamental poñer fin a esta situación de explotación colonial e reclamar capacidade normativa para poder tomar as decisións referentes a todos os aspectos do desenvolvemento enerxético; en canto á falta de soberanía política non nos permita desenvolver unha política enerxética propia en todos os aspectos, si es posible avanzar progresivamente para establecer medidas que compensen tantos anos de espolio sen recibir nada a cambio. Son decisións políticas que debemos tomar para corrixir un agravio histórico e tamén por xustiza social.

Neste sentido, o que nós propoñemos é unha tarifa eléctrica galega que abarate, vía peaxes, o prezo final da enerxía no noso país; axudaría a democratizar o acceso á enerxía para todas as persoas e ademais contribuiría a asentir tecido industrial e económico no país, frear a deslocalización e evitar a nosa desindustrialización. Nós propoñemos, para que por este Pleno sexa aprobado, o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia a demandar o goberno central tres cousas:

1.- A inmediata redución do imposto do valor engadido sobre a electricidade do 21% ao 4%.

2.- Que se exclúa a Galiza da orde definitiva para a tramitación respecto dos suplementos territoriais para o exercicio 2013 por atentar contra as competencias galegas en materia de tributación ambiental e por ser contrarias para os intereses do tecido social e económico galego, correspondendo ao Goberno do Estado asumir os custos que poida ocasionar a aplicación das sentencias.

3.- Modificar a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico de forma que se permita a regulación dunha tarifa eléctrica galega, para que Galicia poida beneficiarse, como nación produtora de enerxía eléctrica, de peaxes máis baixas que permitan un abaratamento para os consumos domésticos e empresariais en compensación por soportar os custos sociais e medioambientais das instalacións de produción.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

De momento, nesta primeira intervención, nada máis. Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Orensana: hola a todos otra vez. Bueno, yo sin que se entienda en el doble sentido, es como la frase esta que dice: cada loco con su tema. Cada loco con su tema; o sea vienen aquí y dicen la discriminación histórica de Galicia, el BNG, que es totalmente cierto, la discriminación histórica de Galicia, es totalmente cierto. Sin embargo, cuando Orense reivindica que es la provincia más discriminada de Galicia que Santiago está llevando todo el reparto, y el Eje Atlántico entre Coruña yVigo, ahí callan; porque ellos rechazan el concepto de provincias que es un tema estatal, lo rechazan totalmente, el tema de provincias. Entonces sí, cada loco con su tema. A mí me importa la discriminación de Galicia, pero luego dentro de Galicia, si Orense está discriminado, me importa un bledo. A nosotros no, a nosotros nos importa la discriminación de Galicia y la discriminación de Orense, obviamente, mucho y como nosotros vivimos en la provincia de Orense, es lo que más nos importa.

Luego, no andamos con trapalladas como este señor que dice Ourensanía, José Manuel Baltar; pero luego ante la Xunta de Galicia se arrodilla y el otro día vino aquí Feijóo y reconoció que en Ourense no invierte nada. Dio Feijóo el otro día: *si la empresa Coren cierra, Ourense desaparece*; o sea, está reconociendo que ellos no invierten nada porque si no fuera por Coren, Ourense desaparece. O sea, estás un poco reconociendo que realmente *a Xunta de Galicia pouco lle fai para axudar a Ourense*; porque si la Xunta de Galicia tuviera las inyecciones de dinero público que tienen otras provincias, si Coren desaparece, Orense sigue ahí. Pero, es que implícitamente lo estaba reconociendo.

Voy a decir un dato. Primero, tengo que darle también un poco...¡oye!, creo que en la vida es de bien nacidos ser agradecidos, le hay que agradecer al Bloque, sobre todo a su sección de Orense, el trabajo que llevaron con esta moción, de traerla a Pleno, porque esto da trabajo. Oye, te viene un sobre de Galicia, lo tienes que abrir y luego llevarlo a Registro; porque esto aún da trabajo, el abrir el sobre con la moción y llevarlo a Registro. Es decir, ¿saben cuántas veces aparece en esta moción la palabra Ourense, es de tres páginas, saben cuántas veces aparece la palabra Ourense? Cero, cero veces la palabra Ourense. Son

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

mociones tipo que las hace el BNG en la fábrica y se las manda a todas las sedes para hacer promoción política de Galicia.

Pero esto de aquí, como tenemos dicho muchas veces, la moción tiene razón, obviamente Galicia está discriminada y obviamente sí que hay un espolio; pero este no es el foro. Aquí estamos para hablar de temas de Orense, no para temas de Galicia. Se le puede instar a la Xunta de Galicia para que hagan algo a Orense en concreto, pero no en este caso que no nombran la palabra Orense en ningún lado. Pues obviamente tenemos que abstenernos, tienen razón pero obviamente el enfoque está totalmente equivocado. Es lo que creemos, que es realmente una tomadura de pelo que, una moción que es del Parlamento gallego, nos la traigan aquí para publicidad.

Pero, ojo, cuando ellos estuvieron gobernando y Zapatero tuvo que pactar con Anxo Quintana para que le apoyaran algo puntual, no le quitó casi nada en la negociación y de la energía no le quitó casi nada, creo que le quitó 3 millones de euros de inversión, una trapalladada. O sea que, cuando realmente *se poden facer cousas por Galicia non as fan*.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas presidente. A verdade é que poderíamos compartir a meirande parte da exposición de motivos en canto á exposición do mercado eléctrico, singularmente o eléctrico, e a súa opacidade, a súa inxustiza na xeración de prezos e os efectos que isto provoca na situación, sobre todo, dos que se atopan nos *umbrales* de pobreza que non son poucos. Así é que non teríamos obxección e aprobar o punto dous das súas propostas de acordo, no sentido en que estamos –valla a redundancia- de acordo en que se modifique a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico; de feito, presentamos nunha proposición de Lei no Parlamento de Galicia para instar ao Congreso dos Deputados a que fixera esta necesaria modificación.

Esta Lei erda unha situación creada con anterioridade, no ano 97, coa Lei do sector eléctrico –en tempos do goberno de Aznar- na que se contemplaba a posibilidade de integrar, na parte regulada da tarifa eléctrica, todo tipo de impostos medioambiental ou de produción eléctrica de ámbito non estatal; é dicir de ámbito autonómico ou municipal. Situación que despois foi mudada por un Decreto no ano 2012 que deulle esta posibilidade, converteuna en obrigatoria, certo é que esta lei do 2013 volve outra vez á situación de optativa, pero polo medio houbo varios recursos das compañías eléctricas e os tribunais

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

déronlles á razón. Estamos falando de cantidades, neste caso, relativamente importantes; hai que lembrar que o canon eólico recada cada ano ao redor de 23 millóns de euros en Galicia, aos que lle hai que sumar o dano industrial da auga encorada e a contaminación atmosférica; situándonos en total nuns preto de 40 millóns de euros. Entendemos que é discriminatorio posto que un consumidor enerxético...*bueno*, dicía que temos unha cantidade importante de fondos que, desta maneira, se lle van a trasladar do axente contaminador a quen sufra a contaminación; é dicir, ao usuario. Entendemos que é discriminatorio posto que un consumidor enerxético calquera, un veciño calquera dos nosos concellos pagaría do seu recibo por unha enerxía que probablemente se consuma nun concello doutra comunidade autónoma; podemos poñer un exemplo doado, entre calquera concellos dos que están no Sil e outro da zona de Ponferrada. Polo tanto, en termos territoriais, dista moito de reforzar esta posición de unidade de mercado.

Neste contexto de absoluta discriminación para as Comunidades autónomas que padecemos os custos medioambientais de produción enerxética semella inxusto, pois, trasladarlle ao consumidor uns sobrecostos que non teñen que asumir outros consumidores doutras comunidades autónomas deficitarias en termos enerxéticos.

Esta modificación que trae este punto dous permitiríanos estar en pé de igualdade tanto nos impactos da produción e dos consumos da enerxía ao respecto das comunidades e permitiríanos avanzar un chisco nas transparencia do mercado eléctrico e da facturación da enerxía eléctrica para os consumidores. A Lei, tal e como está, significa que, en vez de quen contamina paga, paga quen sofre a contaminación (aínda que non vou negar que os consumidores tiñamos unha responsabilidade á hora de contaminar); mantemos nisto e concordamos co BNG que non é razoable que non se paguen máis pola enerxía no lugar onde se produce fronte á onde se consume, cando aínda por enriba os consumidores deberían de asumir os custos de transporte e de perdas enerxéticas que, efectivamente, existen.

Sen embargo, non podemos apoiar todos os acordos posto que os socialistas tendemos a apoiar os mecanismos de redistribución de renda a través de impostos progresivos, é dicir, que pague quen máis ingresa; polo que non entendemos esa teima de reducir o IVE da electricidade e pasalo do 21% ao 4%, posto que, como seguramente todos saben, trátase dun imposto indirecto que grava por igual a un señor e a unha señora que pon

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

unha estufa na súa casa como a unha gran empresa que consume e, polo tanto, contamina grandes cantidades.

Por outra parte, indo ao terceiro punto das propostas de acordo, xa dixemos no seu momento que non entendemos o seu concepto de tarifa eléctrica galega tal e como vostedes a formulan. Esa tarifa gravaría ás comercializadoras e vostedes saben que hai no sistema eléctrico actual grandes empresas do sector que xeran actividade libre e distribúen enerxía regulada en Galicia, pero comercializan fóra; exemplo doado é o de Red Eléctrica. O sistema tarifario sería insuficiente posto que só se aplicaría as comercializadoras; é dicir, empresas que ao mellor compran ás xeradoras, pero que non producen no noso territorio. Hai empresas de xeración que comercializan un escaso 0,5% en Galicia polo que o seu sería implantar un canon de produción e transporte.

É por isto que entendemos que se debería reformular a proposta e desenvolver un canon que si tivese competencia a Xunta de Galicia sobre a xeración da enerxía e a repercusión económica da mesma destinada ao tecido industrial e aos consumidores finais. Por isto é polo que, realmente, a nosa posición vai ser a de abstención. Moitas grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas presidente. Señor Rodríguez Suárez, todo un clásico. Refírome, enténdame ben á moción sobre a tarifa eléctrica que unha vez máis –e digo unha vez máis, e van varias- presentan neste Pleno. Anúnciolle xa que votaremos en contra e farémolo por mera responsabilidade dado que non podemos aprobar propostas totalmente inviables por moi rechamantes que sexan de cara á opinión pública e iso que se veu a chamar o *brinde ao sol* e que vostede utiliza con frecuencia.

Vostedes, señor Rodríguez Suárez –e dígollo con todo o respecto- todo o solucionan á galega: tarifa eléctrica galega, banca galega, facenda galega; pero entendo que ese é o seu discurso e, en certo modo, a súa razón de existir.

A verdade é que teño que recoñecer, humildemente, que non son quen –e teño que dicilo así- de entender as graves consecuencias que tería para os galegos unha tarifa eléctrica propia; pero o máis preocupante é que teimen neste asunto confundindo ou intentando confundir á opinión pública. En primeiro lugar, xa se dixo aquí, porque o que solicitan na súa moción: rebaixa do IVE, que se exclúa a Galicia na orde definitiva para a tramitación dos suplementos territoriais e a modificación da Lei do sector eléctrico para a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

regulación dunha tarifa eléctrica galega é competencia, señor Rodríguez Suárez, do Goberno central. Polo tanto, insten directamente ao goberno de España e non á Xunta de Galicia e, encima, a través desta Deputación. Debe ser que o que importa, e permítame ser mal pensado, debe ser que o que imparta é facer algo así como ruidiño para er se nos aproveitamos algo do malestar da xente humilde, ou non tan humilde, ao sufrir o incremento tan continuado das tarifas eléctricas.

En relación co apartado dous da súa moción, cómpre engadir que a Xunta xa solicitou ao Goberno central que atenda ás alegacións de Galicia á orde que establece os complementos territoriais en relación cas peaxes de acceso de enerxía eléctrica correspondentes ao exercicio 2013, e digo 2013. De non seren atendidas estas alegacións, o goberno galego xa adiantou que vai solicitar a súa suspensión cautelar mentres non se resolve o recurso que a administración galega xa ten interposto contra esta medida.

E ¿por que decidiu recorrer? Pois sinxelamente porque os impostos medioambientais que aplica a Xunta non gravan as actividades ou instalacións destinadas ao subministro eléctrica, porque en ningún caso se poden incluír nos suplementos territoriais para que sexan aboados polos consumidores galegos. Uns impostos que corresponden unicamente ao ano 2013 e que non afectarán aos futuros. Quede claro. Por certo, tampouco intenten confundir como se os galegos fosemos os únicos prexudicados, non é ningún consolo, é certo, pero a situación afecta a 14 das 17 comunidades autónomas; polo tanto, estamos a falar de un problema a nivel estatal e non soamente galego.

E sigo preguntando, ¿por que unha tarifa eléctrica e prexudicial para Galicia? Pois como din os e Pois como din os expertos, salvo os propostos por En Marea e o Bloque Nacionalista Galego, a enerxía sería máis cara para os galegos xa que, entre outros gastos, teríamos que pagar peaxes de acceso, maiores custos polas redes de distribución e transporte da enerxía pola orografía, a climatoloxía e, como non, a dispersión da poboación da nosa terra.

Pero tampouco crean vostedes que nós non vemos a problemática do sector eléctrico español; pois claro que a vemos e vémosla no seu contexto de graves problemas que nos afectan a todos. Pero permítanme que dea os seguintes datos e, xa que o señor Fraga Civeira falou dos gobernos do PP, vaime a permitir que eu tamén –como diría aquel expresidente do goberno, sen acritude- eu tamén fale dos gobernos do Partido Socialista.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018

Por iso digo que me permitan dar os seguintes datos. Miren vostedes, o Partido Socialista, cando estaba no goberno central incrementou o recibo da luz un 70% entre 2004 e 2011, digo un 70%, grazas ás subvencións, ás primas ás renovables e outras peaxes que logo pagamos os consumidores. Non só pagamos a luz moi por riba da media europea; senón que co sistema de custos medios establecidos polos gobernos do PSOE e o tipo de *subasta* que había a suba de prezos era continua. Polo tanto, señor Fraga Civeira, ninguén pon en dúbida –eu creo que nin vostedes– que o Partido Popular recibiu un sistemas eléctrico ao borde do colapso económico que era preciso reformar. Unha reforma, por certo, avalada polo Tribunal Supremo ao considerar que tiña co fin evitar o déficit por tarifa; é dicir, a diferenza entre custos e ingresos que superaba, nada máis e nada menos, que os 30.000 millóns de euros e aumentaba en máis de 5.000 millóns cada ano, 5.000 millóns cada ano. Deixemos claro, pois, que o que hoxe pagamos débese ás medidas do goberno socialista do señor Rodríguez Zapatero (que, por certo, vai facer bo a quen nos dirixe nestes momentos) que levaron á banca rota ao modelo enerxético de España multiplicando por máis de 10 o déficit de tarifa ta situalo por enriba, xa digo, dos 30.000 millóns de euros no ano 2011. De aí, a necesaria reforma do PP do ano 2013.

Con respecto a Galicia, as medidas adoptadas pola Xunta debo concretalas brevemente nas seguintes. Hoxe, en Galicia, apostamos por unha transición enerxética axeitada a través dun mix enerxético equilibrado e coherente tras diferentes formas de produción; un sistema comprometido co impulso das enerxías renovables aproveitando os nosos recursos enerxéticos clave para desenvolver a enerxía hidráulica, a eólica e tamén a biomasa.

Un dato a ter en conta, só neste ano 2018 o goberno galego destinou preto de 14 millóns de euros en axudas para o fomento de proxectos de enerxía renovables e de eficiencia para particulares, empresas, concellos, sector industrial, servizos e agrícola primario; pero tamén se traballa e de maneira moi especial na adopción de medidas de protección para os consumidores domésticos vulnerables, chámese bono social ou gratuidade do consumo mínimo para as familias con risco de exclusión social. Na actualidade máis de 500 fogares benefíciáanse xa das axudas autonómicas que permiten aos consumidores vulnerables severos asumir o pagamento do 100% da factura e garanten así mesmo que non sufran o corte do servizo.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

Polo tanto, señor Rodríguez Suárez, e remato xa, a Xunta segue a tomar medidas como fixo en 2014 co ticket eléctrico en en 2016 coa axuda para evitar os cortes de subministro. Medidas que teñen apoiado case a 12.000 familias, digo 12.000 familias, a pagar as súas facturas enerxéticas. E dito isto, de momento nada máis e moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: grazas señor presidente. Ben, bueno, dende logo, como di o portavoz de Democracia Ourensana, *cada loco con su tema*, aí si que estamos totalmente de acordo. En calquera caso, non vai a ser a Democracia Ourensana a quen lle teña que dar eu explicacións sobre o que fai ou deixa de facer o BNG, ou cal é a súa estratexia á hora de presentar mocións.

Dende logo, o que si que tamén me chama a atención é, por algunha sorte de encantamento, os problemas que afectan a todos os cidadáns, neste caso da nosa nación, pois parece ser que non afectan aos cidadáns de Ourense; o IVE do 21% pois non lle afecta aos ourensáns e o resto das cousas que pedimos nos nosos acordos.

Dito isto tamén contestar a algunha das intervencións que se fixo aquí. Dende logo non nos parece que sexa o Partido Popular quen poida botarse moitos méritos, colgarse moitos méritos, moitas medallas ao respecto da xestión nos últimos anos, ou décadas, do sistema eléctrico, porque aínda recordamos aquelas promesas do señor Aznar á hora de privatizar todas estas empresas, de redución, de competitividade á hora de ofertar as mellores tarifas, do que nos ía a supoñer nos recibos a todos os consumidores esa suposta, ou anunciada, competitividade que todo ían a ser beneficios, todo ían a ser resultados positivos e xa vemos onde estamos agora mesmo; co cal, dende logo, non lle boten vostedes tampouco a culpa ao Partido Socialista porque gran parte da responsabilidade, en todo caso, será compartida e así vemos como, tanto os dun lado como os doutro, acaban debido a esas anunciadas portas xiratorias en consellos de administración de grandes eléctricas, etc... o cal, non é dende logo, non o pensamos nós, que sexa unha casualidade.

Miren, con este modelo –o modelo que temos actualmente- mentres o Estado e as eléctricas aumentan os seus beneficios, Galicia exporta enerxía; no noso país hai máis de 442.000 persoas que declaran non poder permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada e a taxa de risco de pobreza incrementouse nun 12% dende o 2009. Xa dixo que, para combater a imposibilidade que supón acceder á enerxía, había o ticket eléctrico da Xunta; pero é que isto non é suficiente, nin dende logo resolve o problema.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

Nós insistimos, non é de recibo que, por riba de non beneficiarnos de producir enerxía grazas ás políticas do Partido Popular, Galicia vaia a pagar a factura máis cara do Estado. Porque si, non somos os únicos afectados, pero somos os máis afectados. Porque a posibilidade de introducir eses suplementos territoriais na tarifa eléctrica xa figuraban na Lei do sector eléctrico do 97, é verdade, pero foi a aprobación do Real decreto 20/2012 o que converteu o que a lei recollía como unha posibilidade en obrigatorio. Resultado diso foi que as eléctricas recorreran ao Tribunal Supremo, que lles deu á razón, e iso vai a repercutir en varios impostos nas facturas dos galegos e vanse a recadar ao redor de 38 millóns de euros.

Nós seguimos defendendo que é imperativo, por todas estas cuestións, demandar cambios inmediatos na regulación eléctrica para que a electricidade sexa un servizo básico e estea considerado así, como un servizo básico, e estean cubertas as necesidades básicas e económicas dun país como o noso; tendo en conta, como xa dixen na miña primeira intervención, os custos sociais e medioambientais que soportamos por ser produtores de enerxía. Dende logo pensamos que se pode facer porque no País Vasco teñen unha tarifa eléctrica vasca. ¿Non lles gusta a vostedes o nome de galego? Pois póñanlle vostedes outro nome, pero aproben esa tarifa.

E dende logo, o que tampouco entendemos é ese razoamento de que para nós ía ser máis caro unha tarifa galega propia que atendera ás nosas necesidades e ás nosas condicións baseado no dos custos de transporte. Agora mesmo, os custos de transporte de levar á electricidade que se xera no noso país a Madrid, ¿non hai custos de transporte? ¿transportala ata Madrid non xera custos? ¿non hai tendidos eléctricos de aquí ata Madrid para levar ata alí para que os madrileños poidan consumir a electricidade que basicamente, entre outros, xeramos nós?

Co cal, nós entendemos que é posible aprobar unha tarifa eléctrica galega, que sería beneficioso e que, ao mellor, permitiría que situacións como as que actualmente está vivindo Alcoa –precisamente un dos argumentos que pon enriba da mesa para pechar é o alto custo eléctrico que ten que soportar- ao mellor non asistiríamos a este tipo de problemáticas e, dende logo, insisto, non seríamos pioneiros; en todo caso seríamos os segundos porque dentro do Estado español xa existe esa tarifa eléctrica, xa existe unha tarifa eléctrica diferenciada, neste caso, para as empresas vascas que lles serve de factor

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

diferencial á hora de atraer investimento e de atraer empresas. De momento nada máis. Moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: sí, nada máis, que nosotros en las mociones, por ejemplo, todo lo que haga la NASA en Estados Unidos a los de Ourense nos influye mucho, nos influye mucho, bastante, y no por ello vamos a hacer una moción instando a la NASA. Dice, no, es que también afecta a Ourense, es singular. Efectivamente, lo que ocurre en Galicia afecta en Ourense, pero a nosotros nos eligieron para defender los intereses de Ourense; para tratar temas exclusivos de Galicia para eso está el Parlamento gallego y allí es donde hay que hacerlo. Esto de aquí es una pérdida de tiempo.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas señor presidente. Señor Álvarez Dobaño, todo un clásico seu ¿eh?, recorrer á herdanza; pero voulle ter que aclarar unha cousa, eu dixen unha obviedade que é que a lei do 97 era do señor Aznar.

Mire, vostede esquece que, cando se liberalizou o sector enerxético, gobernaba o señor do bigote, o señor Aznar. ¿Sabe en canto se estimou esa compensación por liberalizar o mercado enerxético? 56.700.000 € custos de transición á competencia. Liberalizouse o mercado, pasamos dun monopolio a un oligopolio, compensouse ás eléctricas e ¿Que fixo o recibo da luz? Non deixou de subir. No Decreto do 2012, ¿pódeme dicir quen gobernaba? O señor Rajoy. A Lei 24/2013, maioría absoluta do Partido Popular. Se eu teño que acusar de algo ao meu Partido, ¿sabe de que é? De non mudar isto, de non o rachar.

Pero seguramente vostede tamén saiba das diferenzas, ou ao mellor non porque no seu Concello goberna con maioría absoluta –nalgún mandato, absolutísima- as diferenzas de gobernar con maioría absoluta e facelo en minoría; hai unha gran diferenza, moitas grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: señor Fraga Civeira, por empezar por vostede, pois claro que si, hai que falar de herdanza, vostede tamén mo falou a min; e o que está ben está e o que non está, non está. Eu dinlle un dato 2004-2011, aumentouse a tarifa nun 70%, o recibo da luz, para que nos entenda todo o mundo; ese é un dato certo e está aí. Polo tanto, herdanza mala a de vostedes –*bueno*, eu diría que requetemala, permítame a expresión-; que o PP non fixo cousas acertadamente, home,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

agora están vostedes aí para arranxalo, pero, polo que se ve, entraron con moita forza e xa se lle acabou a forxa, xa non hai maneira de arranxalo, parece ser, parece ser, eu é o que escoito por aí, vamos a ver, vamos a ver. Porque vostedes arranxan todo hoxe e mañá vólveno desarranxar, ou ao revés, vamos a ver. Pero *bueno*, xa vexo que non lles gusta o que digo alí ao señor...non lle gusta, non lle gusta...por algo será que non lles gusta.

Si continúo señor presidente, continúo. E señor Rodríguez Suárez, mire eu faleille de informes técnicos de expertos, non é da miña *cosecha*, evidentemente, que eu son analfabeto total nestes temas. E simplemente dixen que os únicos que eran contrarios ao que eu dicía eran os propostos por vostedes, o BNG e En Marea, os demais coinciden todos nos datos que din eu. Home, aí queda iso.

Tamén lle teño que dicir que vostedes apoiaron, con total determinación, a determinados gobernos socialistas e non me consta que tiveran esta inquietude que hoxe nos trasladan aquí, non me consta, non me consta; parece que as súas prioridades ían por outros *derroteros*. Pero, nunca á tarde, nunca é tarde.

Non vou a reincidir en todo iso, simplemente quero reiterar que nós, os membros do Partido Popular, somos perfectamente conscientes dos problemas que o sector eléctrico está a xerar nos consumidores particulares –como xa dixen-, nas empresas, nos servizos, no sector da industria e tamén nos Concellos. Eses problemas están aí e son evidentes; de aí que todos, todos, deberíamos *aunar* esforzos, sen demagoxias nin *zancadillas* políticas, para que España no seu conxunto –señor Rodríguez Suárez- siga consolidando as amplas reformas emprendidas que nos dotaron dun marco regulatorio para o sector, para que cada vez sexa máis transparente, coherente e tamén sustentable e estable co fin de xerar confianza nos inversores e favorecer a competitividade na industria factor clave, ao fin e ao cabo, para o crecemento económico e tamén para a creación de emprego.

Nós entendemos -humildemente o dicimos, dentro das dificultades que un tema como este tan complexo presenta- entendemos que ese é o camiño e nese camiño debemos seguir. Todo o demais é botarnos os trastos á cabeza uns aos outros e as consecuencias sempre son para os consumidores. Nada máis. Moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: grazas señor presidente. Primeiro dicir que, dende logo, cando o BNG tivo capacidade de influír nos gobernos do Estado, asegúrolle que conseguiu bastante máis para este país do que levan conseguido

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

vostedes nos gobernos amigos e nos gobernos non tan amigos con esa procesión que fan habitualmente de cara a Madrid, que lle chamamos a procesión dos caladiños, a procesión dos que va alí a levantar a man independentemente de que esa levantadera de man sirva ou non para defender os dereitos ou os intereses, neste caso, dos que en teoría os votaron.

A parte diso, tamén coincidimos en que neste aspecto, como en moitos outros, é un aspecto que eu penso si que da pé a un debate interesante por iso non concordamos coa postura de Democracia Ourensana que, ao non ser un tema particular de Ourense, non deba ser tratado aquí; nós sostemos totalmente o contrario, que este foro, ou todos os foros nos que se poida falar dun tema coma este, débese falar, precisamente, para contrapoñer as diferentes visóns e as diferentes posicións e que ese debate é positivo e construtivo.

E nós, volvo a insistir, seguimos demandando que, ao ser un país produtor neto de enerxía, deberíamos ter dalgunha maneira algún mecanismo que nos permitira beneficiarnos dese feito e, actualmente, non existe. Non existe, ou si existe, porque volvo a insistir, existe porque o País Vasco estao aplicando e nós non entendemos por qué non se pode facer tamén o mesmo no noso país.

Dende logo, nós instamos á Xunta porque pensamos que debe haber unha postura de país neste, ao igual que en moitas outras opcións, e a Xunta de Galicia, como goberno que debería defender os intereses de todos os galegos, o que debería é liderar esas demandas e todas esas reivindicacións. Co cal, lamentamos neste caso, unha vez máis, que non vaia a saír adiante esta proposta; pero, en todo caso, tamén lles anuncio que nós vamos a seguir dando a batalla e seguiremos loitando para que isto algún día poida chegar a ser unha realidade e que a produción de enerxía que se fai no noso país sirva para que o noso país tamén se beneficie directamente desa produción de enerxía e ter un factor competitivo á hora de atraer empresas e, polo tanto, de crear riqueza e crear emprego. Nada máis, moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7º](#).

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (14) e a abstención do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourensana (2).

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

8º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE ACTUACIÓNS CONTRA A DESPOBOACIÓN E ENVELLECIMENTO NA PROVINCIA DE OURENSE.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas señor presidente. Xa sei que teñen todos a moción dende hai tempo, xa sei que a leron; pero como queira que nós ven a través das novas tecnoloxías, estanos a ver xente, vou a proceder a dar lectura da mesma para que saiban de que falamos.

A exposición de motivos di que a provincia de Ourense vén sufrindo un proceso de regresión demográfica que ameaza a súa existencia. Nos últimos 80 anos perdemos máis dun terzo dos habitantes cos que contabamos, 164.000, perdemos máis de 123.000 nos últimos 40 anos: de 433.000 no 77; pasamos a 309.000 en xullo de 2018.

Un proceso que se agudiza nestes últimos anos a razón de 3.700 habitantes cada ano. Mentres nos once concellos con máis de 20.000 habitantes reside o 62% da poboación, nos 81 concellos restantes vive só o 38% dos habitantes. Esta é outra problemática engadida á da regresión demográfica.

A isto hai que sumarlle o proceso de envellecemento, a porcentaxe que representa a poboación maior de 68 anos sobre a poboación menor de 16. En 2017 representa o 292,9 puntos; superamos en 100 puntos os datos alcanzados polo dito índice para o total de Galicia e en 167 puntos o do Estado.

A nosa provincia foi a primeira que, no 2017, tivo xa máis pensionista que ocupados e ademais Ourense é a provincia coas pensións máis baixas da media española e tamén a provincia con maior taxa de paro das galegas e tamén foi a provincia, do conxunto estatal, con maior perda no número de autónomos. Datos de 2018 presentados pola ATA. E así poderíamos seguir relatando datos que nos acredita a gravidade da situación, en especial das comarcas máis rurais da provincia.

Esta situación non é nova, vén sendo recoñecida de palabra por algunhas institucións; así, o Senado fixo dúas comisións de estudo na pasada lexislatura na que se acordaron unha serie de conclusións en forma de medidas a poñer en marcha. A FEMP tamén ofrece as súas propostas para abordar este grave problema. O CS elaborou un informe sobre a problemática. A Conferencia de Presidentes acordou crear un comisionado

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

para o reto demográfico e a Xunta de Galicia ten en funcionamento o observatorio galego de dinamización demográfica.

Hai que sinalar que a saída do proceso que bebe esta provincia só vai ser posible cunha acción colectiva das xentes da provincia dende os territorios que as sofren dende una decidida acción de discriminación positiva e de medidas globais dende a Unión Europea, a Administración Xeral do Estado e a Xunta de Galicia.

Pero as accións que temos que demandar doutras administracións, as xa sinaladas, non poden dar por bo que aquí sigamos sen actuar para reverter esta situación de morte anunciada para o rural ourensán: por iso, é polo que formulamos as seguintes propostas de acordo:

1.- Que a Deputación impulse un acordo que promova un plan de acción contra o despoboamento e o envellecemento nas comarcas do rural da provincia que o sofren, contando cos territorios da sociedade civil, con medidas concretas, con dotación orzamentaria propia e que sexa avaliado anualmente con medidas como axudas aos concellos para garantir os servizos obrigatorios. Un Plan de mellora das redes viarias provinciais e municipais dos concellos tendo en conta o índice de despoboamento e envellecemento e outras accións dentro das competencias que corresponden á Deputación.

No Plan, incluíranse tamén medidas para colaborar con outras administración en diversas accións, tales como poden ser a creación de áreas de empresas, extensión de banda larga, apoio e desenvolvemento forestal e a novas actividades, o cooperativismo e a comercialización dos produtos e proxectos e a creación e mantemento de servizos de transportes nas poboacións rurais, incremento de escolas infantís adaptadas a eses territorios, así como a centros de atención a maiores e outros que se propoñan.

Este Plan do que falamos será elaborado polo Consello Provincial de Loita contra o Despoboamento no Rural da Provincia de Ourense e que se constituirá coa participación dos Concellos e sociedade civil, entidades locais, axentes sociais-económicos, etc... dos territorios afectados con maiores índices de envellecemento e despoboamento. Este Consello aprobará cada ano as propostas de acción para o exercicio seguinte que corresponda á Deputación e que serán incluídas nos seus orzamentos

2.- A segunda proposta que se trae nesta moción é que este Pleno reclame da Unión Europea un Plan de medidas urxentes, concretas e inmediatas, para favorecer o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

desenvolvemento das comarcas que sofren o despoboamento e o envellecemento de forma grave co obxectivo de frear este proceso; primando que os fondos de desenvolvemento se destinen a estes territorios.

3.- O Pleno da Deputación –sería o terceiro- reclama, neste caso, do Goberno do Estado e da Xunta de Galicia que, ao mesmo tempo que se aproba a estratexia estatal contra a regresión demográfica, se poñan en marcha accións inmediatas para actuar nas comarcas da nosa provincia que sofren despoboamento e envellecemento con medidas de discriminación positiva, sen elas pouco hai que facer, que favorezan o seu desenvolvemento e que inclúan, entre outras, beneficios fiscais e nas cotas da Seguridade Social, nos prezos de electricidade, que falabamos antes, combustibles e telefonía; así como primas nos fondos para os Concellos. Medidas para chegar a estes territorios, uns servizos que corresponden, non hai que esquecelo, a outras administracións pero que acabamos facendo, na meirande parte dos casos, as administracións locais; así como as incluídas nas conclusións aprobadas en 2015 nas comisións específicas creadas no Senado, as propostas pola Federación Española de Municipios e Provincias e no informe do Consello Económico e Social ao que xa aludín antes.

E no tocante, neste caso, á administración autonómica que se desenvolvan axudas a empresas e de fomento para a creación de emprego. Medidas para favorecer o asentamento neses territorios de novos residentes, medidas para adecuar os servizos que corresponden á Xunta de Galicia: educación e atención infantil, sanitarios, dependencia, etc... ás peculiaridades destes territorios. Medidas de posta en valor dos produtos agrarios, gandeiros, forestais, enerxías renovables etc..., de diversificación económica (turismo, instalación de empresas), repercusións de enerxías renovables nos territorios; axudas específicas para a compra e rehabilitación de vivendas e de terras e explotacións; medidas de fomento do cooperativismo e asociación, que se inclúan tamén medidas para adaptar estes territorios con novas fórmulas aos servizos necesarios -como aos bancarios, aos das farmacias, tramitacións administrativas- buscando fórmulas conforme ao rural e que se primen nas retribucións aos traballadores públicos que residan nestas poboacións; así como favorecer os residentes nas condicións de acceso ás prestacións públicas -Risga, desemprego e dependencia- e outras medidas en xeral, que é unha lista aberta esta, que contribúan ao asentamento da poboación no rural.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

Moitas grazas nesta primeira intervención

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: grazas presidente. Ben, estamos diante doutro problema que tampouco é exclusivo de Ourense, se ben o despoboamento e o avellentamento que sufrimos, debido ás nosas circunstancias, é acelerado. De todos os xeitos entendemos que hai que entender esta cuestión como un feito de país e, polo tanto, abordar as causas estruturais dende esa visión.

A caída de poboación dáse en todos os ámbitos, desde as cidades ata as vilas máis pequenas, pero bate con maior forza nos concellos de menos de 20.000 habitantes. Por dar só algún dato, no 2017, só 46 do 362 concellos de Galicia non perderon poboación; no resto, o ano despediuse con menos habitantes dos que comezou e levamos dende 1986 encadeando máis defuncións que nacementos. Se a isto lle engadimos o aumento da inmigración, o resultado lóxico é a perda de poboación á que asistimos.

Outro dato, de cada 10 habitantes que perde o noso país, 8 son no rural e segundo os datos do Instituto Galego de Estatística, dende o ano 2012 ata o 2017 a nosa provincia, Ourense, perdeu 16.530 habitantes. Señor Baltar, dende que vostede chegou á Presidencia da Deputación máis de 7.000 persoas tiveron que abandonar a provincia cara a outros territorios do Estado e de fóra.

Seguimos cos datos, o 41% dos galegos viven en 70 parroquias, das 3.790 que hai en Galicia o que supoñen o 1,2% da superficie do noso país; máis 1.150.000 persoas están concentradas en menos de 348 km² dos preto de 30.000 que ten o noso país. Cifras que evidencian o despoboamento e a desertización do rural e principalmente no interior.

Nós insistimos, levámolo dito por activa e por pasiva, temos unha provincia cun grande potencial na súa base material; máis sen embargo, non só non saímos dos últimos postos, senón que as distancias co resto dos territorios son cada vez máis grandes. E algunha responsabilidade terán vostedes señores do Partido Popular que levan máis de seis lustros gobernando ininterrompidamente con maioría absolutísimas.

Ímonos desangrando demograficamente, iso é unha evidencia, e iso ten consecuencias sociais económicas e medioambientais e, como digo, non é froito dun meigallo, nin dunha meiga, nin dunha maldición; senón que é o resultado, a renuncia a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

acometer políticas que apostaran polos nosos sectores produtivos, provocando que sexamos a provincia do Estado español que ten a poboación máis envellecida e a maior superficie agraria a monte.

Xa llo dixemos no debate do estado da provincia, hai tres semanas, señor Baltar, vostede non ten a exclusiva da culpa, señores do Partido Popular non teñen vostedes a exclusiva da culpa. Ao longo destes anos gobernaron tendo en Madrid e Santiago gobernos afíns que sempre miraron para o outro lado deixando en evidencia, dende logo, o pouco que importamos os ourensáns e tamén, hai que dicilo, o seu nulo peso político dentro do Partido.

Miren, aquí non estamos a falar só de ter infraestruturas, estamos a falar de ir ao cerne do problema. Eu voulle a facer unhas preguntas, ¿están vostedes dispostos a aprobar un modelo de financiamento propio para o noso país, que nos sexamos os administradores dos nosos recursos? ¿están dispostos (bueno no, neste xa adianto a contestación que é que non) están vostedes dispostos a aprobar unha tarifa única, ou estaban dispostos a aprobar una tarifa eléctrica galega propia que contribuíra a paliar e minorar o impacto do prezo da luz nas economías domésticas e para as empresas, como por exemplo no País Vasco como xa dixen anteriormente? ¿están dispostos vostedes a dar a batalla en Europa, neste momentos en que se están a debater os orzamentos da PAC, para que os noso produtos non saían prexudicados; é dicir que podamos producir sen que nos multen e os nosos gandeiros e labregos perciban o prezo xusto?

Pois miren, detrás destas cuestións están os porqués as persoas abandonan o rural por falta de expectativas laborais e as dificultades de incorporación á actividade agraria. Isto é o que realmente se debería atacar, se realmente temos vontade de rematar con esta sangría demográfica.

Nós, en todo caso, no que respecta á moción que nos presenta hoxe o Grupo Socialista a nosa postura vai a ser a da abstención. Nada máis, moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana: sí. Uno de mis sueños, me acabo de dar cuenta hoy, sería ir para A Veiga o, mejor, para Salvaterra de Miño, ahí donde está Rosendo y mirar para el embalse de A Veiga o para el río Miño, allí donde está Rosendo, tener allí una casa rural y estar allí en un banco –ese es uno de mis sueños- y mientras que el diputado del PSOE me lea la moción. Ese sería uno de mis

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

sueños, uno de los momentos más bonitos. Es alucinante, venir aquí para escuchar que te lean una moción de tres folios lo que ya está escrito.

Decir que Democracia Orensana, obviamente, ante esta moción tiene que votar a favor; pero nosotros creemos que cuando se está en la oposición se pide una cosa, pero cuando se está gobernando no se hacen las cosas porque, por ejemplo, cuando el PSOE gobernó con el BNG en la Xunta de Galicia en el bipartito no hicieron una discriminación positiva para Orense, para la provincia, y ahora piden que se haga una discriminación positiva para la provincia, pero cuando gobernaron ellos no hicieron absolutamente nada. *Estiveron catro anos, se estiveron menos foi porque adiantaron as eleccións eles; pero, ¿quen convoca as eleccións? O PSOE, entón se estiveron menos é porque adiantaron as eleccións; os mandatos son de catro anos.*

Simplemente decir eso, en cualquier caso se pide muchas generalidades, por ejemplo, nosotros vemos aquí en las peticiones que se hacen, yo voy a decir un tema de lo que es *fixar poboación* y la experiencia que yo tengo. Yo un día fui a Madrid por un premio que nos dieron por ser el partido, premios a la independencia, y fuimos allí a la localidad de Leganés a recibir un premio -yo nunca había estado en Leganés, en el sur de Madrid- y fui con alguna gente de aquí de Orense que yo nunca había estado; yo aquel día casi cogí depresión al ver Leganés. No sé si conocen Leganés, pero si nunca estuvieron deberían ir a ver Leganés. Cogí depresión, ¡hostia, cómo se puede vivir en un sitio así, es horrible, Dios mío! Es realmente horrible. Y ¿qué ocurre, por qué en Leganés viven casi 300.000 habitantes y en Orense ciudad viven casi 100.000? porque la gente prima, a la hora de escoger donde tiene que vivir, el trabajo por encima de todo; es decir, en la vida es importante saber qué factores son definitivos y realmente el trabajo es uno de los factores definitivos.

Entonces yo creo que uno de los problemas al querer establecer población en los sitios es que le damos energía a cosas que no tienen tanta importancia; por ejemplo, la gente cree que un sitio bello, bonito -Orense es mucho más bonito que Leganés, sin embargo Orense pierde población y Leganés no-, es decir el trabajo prima sobre lo otro, obviamente la belleza es importante, pero las migraciones son por temas de trabajo sobre todo.

Entonces, muchas veces, ahora cuando vemos aquí las medidas que quiere poner el PSOE y de las que habla en la moción, se están fijando un poco en temas que no son el

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

principal; porque realmente si hay trabajo y la gente quiere trabajo, todo lo demás viene por añadidura y creo que es lo que aquí en la moción, a veces, marean un poco la perdiz. Esto me recorda a una frase que me gusta mucho de una película que vi un día, era una pareja y tenían un problema (el chico no daba conseguido a la chica, o lo que sea) y en un momento dado el chico le dice a la chica: *¿tú a mí me quieres? Porque si tú a mí me quieres, todo lo demás lo solucionamos.*

D. Juan Anta Rodríguez, do Grupo Popular: grazas presidente. Bos días a todo, a todas, compañeiras, compañeiros, ás todas as persoas que hoxe nos acompañan, aos ilustres notarios da realidade.

Eu invítalo a A Veiga, evidentemente, sempre o vou a facer, señor Jácome; pero eu cando lín a proposta o que me acordou foi a carta dos Reis Magos. É dicir, empezas a ler, todo propostas, todo farragoso, nada concreto; entón dixeran, a parte que se está acercando a época electoral:

Queridos Reyes, querida Europa, querida Deputación, querida Xunta:

Agora que nos estamos acercando ás eleccións de maio temos que saír mañá na prensa con algunha cousa positiva, ou intentar enganar á xente dicindo que facemos algo aquí para facer algo aquí.

Iso. Todo un engano.

Mire, onte escoitaba ao portavoz, a Fraga Civeira, dicir que todos estas viaxes que fai o señor presidente para reunirse con Juncker, ou Paternalia, todas esas viaxes, dixo concretamente, *non valen para nada porque non hai nada tanxible*. Eses non serven para nada e despois preséntannos esta moción que é o claro exemplo de algo tanxible; é dicir, en toda esta moción, que moi ben leu o portavoz, non hai unha soa frase que concrete nada, todo xeral. E vou ir parte por parte.

Empezamos pola primeira, en canto á Deputación de Ourense. Dotación orzamentaria propia, plan de mellora das redes viarias provinciais e municipais, tendo en conta (moi importante, esta é de estudar) o avellentamento da xente dotaremos máis ou dotaremos menos as *carreteras*; ou tendo en conta que hai menos ou máis xente maior no pobo. ¡Home! eu imaxínome que iso para o firme, para o asfalto non debe de influír moito, o tema da idade; ao mellor é porque aos rapaces novos conducen máis rápido, non o sei.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

Sigo. Extensión de banda larga. Extensión de banda larga. Preocupeime, grazas a Miri Barreira, porque segundo lle pedín información é certo que ma mandou enseguida. Goberno Central (de Rajoy, por certo), 500.000. 000 de inversión de aquí ao 2021 para este programa. Proxecto de territorios intelixentes, 50 millóns de euros. E ¿a Deputación que colaboramos con 1.000€ que facemos?

Sigo. Cooperativismo e comercialización dos produtos e proxectos. Miren, saúa unha subvención da Xunta este ano sobre isto, cooperativismo, innovación, formación de laboratorios; ¿sabe cantos Concellos a pediron de toda Galicia, señor Fraga Civeira? ¿sabe cantos? Este que lle fala gastou máis do 50% do investimento que sacou a Xunta para isto; así que imaxínese o resto. Entón, pregúntese a ver.

Sigo. Creación e mantemento de servizos de transporte ás poboacións rurais. Xa sabe vostede dun plan, pero voulle contar outra cousa. Servizos de transporte nas poboacións rurais, cando gobernou o PP nos orzamentos xerais do 2018 poñen en marcha un sistema de transporte no rural con axudas para as administracións dende 30 millóns de euros. Adiviñade qué votou o PSOE a esta moción, que non. 30 millóns de euros para o transporte rural votaron que non e agora pídenos, imaxino, que nós poñamos unha furgoneta; porque se votan 30 millóns de euros que non e agora, de repente, pídenos isto... (grazas, xa sei)

Sigo. Escolas infantís. Imaxino que coñece o programa de Casas Niño (atenda á nota e siga), escolas infantís, ¿sabe o que son as casa niño, verdade? Pois 46 propuxo a Xunta para os pobos do rural.

Centro de atención ao maior, agora, acaban de saír, acaban de resolverse, 15 acaban de propor, no, 15 no, 30 acaba de propor a Xunta para os concellos do rural (grazas, é que eu non teño capacidade de facer dúas cousas á vez) Mire, siga, 30, como lle dicía, 30 casas do maior para todos os concellos do rural.

Sigo. Despois, o que vostede dicía antes, o de reclamar á Unión Europea medidas urxentes contra todo o que antes nos propuña. E despois cada vez que o presidente, que é presidente de Paternalia, reivindica algo di que facemos postureo. Se vamos a falar con Juncker, discuten durante 15 días se a reunión está programada, se a reunión non está programada, se había unha planta onde se reuniron, se non había unha planta onde se reuniron. Algo terrible. Supoño que algo importante por sio fixo Pepe Blanco coas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

cuestións importantes que el sempre fai, preguntou se era certo que se reuniran: se a foto estaba trucada ou se a foto non estaba trucada. Pero bueno, Pepe Blanco para iso seguro que o fixo ben.

Fálanme despois vostedes, cotas da seguridade social;pero eu creo que lle van subir aos autónomos, polo menos polo que lin. Combustibles, creo que nesa Orde tamén van subirlle ao diésel o imposto, ou van gravalo.

Axudas específicas para a compra e a rehabilitación de vivenda. Vamos alá. Xunta, Plan de Vivendas Baleiras que todos os Concellos no podemos adherir e non sei se todos, ou algúns se adheriron. Este que lle fala, en colaboración coa alcaldesa de Oímbra e en colaboración co presidente, fixemos un plan propio; agora, despois, falareille de cuestións propias para non pór exemplos do resto. Mire, tamén lle vou falar do Goberno Central no Plan de Vivenda porque mire, o Goberno Central fala de 1.400 millóns de euros, nada máis e nada menos, e nós non sei cómo vamos a colabora á parte do Plan de Vivenda que puxo o presidente en marcha, do Programa de Vivendas Baleiras que tamén hai outro programa de vivendas ao que os concellos nos podemos adherir; por certo, o ano pasado non se esgotou o orzamento, imaxino que iso tamén o saberían, tampouco se esgotou o orzamento do ano pasado e agora venme a reivindicar Plan de Vivenda.

Fala da farmacia, aí si que non sei que dicirlle, porque o tema da farmacia é un tema que, dende a deputación, pois... non o sei. Teremos que ver cómo podemos colaborar, vamos tentar que si que colaboremos en todo o que nos pidan; pero non sei a que se refire, iso que vostede fala de ser tanxible e concreto.

Entón aquí o único que vexo son inconcrecións, populismo, unha proposta que se acerca Navidad e que, máis aínda, pensando en maio e para que mañá todos salgamos dicindo que ben, vamos a loitar polo rural, levantamos as mans todos por unanimidade, a proposta do PSOE é magnífica, despois aí fóra falamos e todo magnífico. ¿De verdade que propuxo algo en concreto?

Mire, voulle dicir, eu levo moi pouco nisto tal como vostedes saben: pero cando chegamos intentamos facer un plan de vivenda e iso supuxo que de 11.000€de inversión se investiran realmente 300 ou 4.000 no territorio, creando postos de traballo na fase inicial, tendo vivendas de protección oficial para toda a xente que o necesite. Gastamos, co apoio dese señor que está aí que é o presidente, 6.000€no Star Light (que por certo, foron algúns

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

de vostedes a velo), 6.000, ¡mirade qué cantidade tan importante, coa repercusión que ten! Creamos unha marca propia, de maneira gratuíta, coa apicultura que este ano fixo que 18 rapaces foran 18 apicultores. Pero, á parte diso, fixemos axudas para autónomos, por contratación por conta allea, fixemos axudas para os gandeiros e cando a xente se manifestaba e algunha dela se queixaba, o único Concello que lle deu axudas directas a eses gandeiros que ían á manifestación en compañía de xente moi próxima a vostedes foi o Concello da Veiga.

Entón, o que me gustaría que isto está ben, de intentar loitar; pero propoñan cousas concretas. Digan exactamente en qué queremos mellorar a vivenda, en qué a melloramos. Queren mellorar aos autónomos, ¿como os melloramos? Porque está ben que nos traia aquí, que nos fale da farmacia, fala destas cuestións, vale, e ¿que? Non sei, non me vou meter no que fixo vostede cando gobernou durante 12 anos, que creo que foi, pero creo que perdeu 20% da poboación. ¡home! todos temos culpa.

A min faime gracia cando fala Ramiro que como se a perda de poboación fora culpa do presidente; imaxino que na Mezquita onde governa o meu amigo Rafa, haberá rapaces sen xeito, aquilo ten que ser increíble. Pois non, pois seguramente non e xa lle digo que non teño mal concepto de Rafa, alcalde da Mezquita. Pero por iso é un problema global, de vertebrar o territorio, é un problema de pór en valor o que queremos pór. Agora, con isto non. Isto é unha tomadura de pelo; é dicir, de 40 cousas que falan vostedes non concretan nin unha sola. Se falan de transportes despois votan que no. Falan de vivendas baleiras e despois fai caso omiso aos programas que hai na Xunta... na Xunta hai programas para as vivendas baleiras, programas para a construción, programas que se fixeron nesta casa e vostede aínda non proxeron nada en concreto.

Mire, sabe cal foi a dotación da Xunta de Galicia para isto, 230 millóns de euros. 10,3 para a innovación e formación agraria; 35 para o desenvolvemento dunha agricultura sostible; 40 millóns para a competitividade das empresas; 65 millóns orientados a facilitar ao relevo xeracional no campo e 6,9 millóns para proxectos cooperativos.

E falemos da Deputación, que aquí estamos, ¿Coñece o Plan de Emprego? Mellora e formación de mozos á hora de acceder ao mercado laboral. Temos todos os concellos, que aquí estamos, algunha axuda para poder contratar; que creo que os concellos pequenos e humildes, como a maioría dos que estamos aquí, vénnos moi ben.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018

Aposta polo turismo. Non estou de acordo co señor Jácome, algún día explicárame o señor Jácome como é capaz de calcular todo o que queda aquí. Imaxino que cada turista que vén chamarao e diralle, mira vou gastar 10€ porque senón é complicado; complicado saber exactamente o que crea. É dicir, ten que saber se como dous bocadillos ou tres porque algún terá máis fame; ten que saber se dormen ou non dormen. ¿Como fai? Levo pensando uns días cómo fará para calcular exactamente.

Hoxe si que non me vou aguantar tamén dicirlle, o tema do AVE xa, a frase que dixó hoxe do tema do AVE, terrible. O tema da Gudiña. Voullo explicarlle. Dicir que non inflúe o tema do AVE na Gudiña e tirarse polos pelos. Mire, eu paso moito por alí porque fago moitas horas e, ás veces, para que non me dea o sono paro alí; está sempre cheo de xente, obreiros que están construíndo o AVE, pero moitas, moitas familias....Si, si,si textualmente, que non ía influír o AVE na Gudiña. É que imaxine se é así o que dixó porque me chamou á atención que quedei petrificado coa súa frase. É dicir, é despois outra cousa, estaba pensando eu, se levan discutindo o AVE en Ourense, para aquí, para alá; se a vostedes non lle importa que non veña para Ourense. É dicir, non ten moito sentido. Eu, oxalá que parara na Veiga a primeira vez, iso non o vou conseguir porque cheguei tarde; pero oxalá que parara.

Ben, sigo, programa ChegOu de natalidade tamén o coñecen, dende a Deputación. Plan de servizos BenOurense. Observatorio do Rural, nós imos propoñer unha plataforma para analizar mercado, competitividade, perspectiva de emprego, proxectos de innovación para o campo en Ourense. Iso tamén o facemos. Por certo o presidente tivo co Colexio de Enxeñeiros Agrícolas reunións recentes, o outro día anunciou no Centro de Transformación de datos para investigar no tema da gandería, do tema forestal que xa o anunciou no plan da provincia. E iso son medidas concretas, iso son feitos e o resto é farragoso; farmacia, transporte en xeral e non sei que máis.

Sigo, proxecto provincia intelixente, proxecto plan transforma Ourense, etc, etc... É dicir, eses son datos. Agora gustárame a nin, eu xa faleille de 4-5 iniciativas que propuxemos humildemente na Veiga, gustárame que me dixeran propostas concretas que vostedes fixeron nas que se cree emprego -directa ou indirectamente-, ou beneficie á xente. Moitas grazas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas señor presidente. Por partes. Señor Suárez, é certo que este é un problema de país, pero neste país que no vivimos recoñecerame vostede que hai dúas Galicias e Ourense non está na fachada atlántica que é para onde van os medios e a que medra. Estamos na outra, polo tanto temos un problema específico.

Señor Jácome, obviamente, vostede é libre de facer co seu tempo o que queira, de ir á Veiga ou se quere pode vir ao alto da Magdalena, entre Piño, Irixo e Carballiño, e poñerse alí a contemplar á paisaxe mentres eu me dedico a ler; nada que obxectarlle. Pero mire, fálame vostede de discriminación positiva e do que o goberno bipartito non fixo; só lle invito a que mire as cifras de investimento neses anos na provincia e despois falamos. Voulle poñer un exemplo completo que me afecta a min: AG-53. Estaba pensada como unha autovía de peaxe e foi o goberno socialista quen levantou esa peaxe e temos unha peaxe en sombra. Iso, se non é discriminación positiva para esta provincia, que veña Dios e que o vexa. Iso foi por un Partido Socialista, por un goberno bipartito e por un presidente socialista. Entón, cando queira, cando mire eses datos, falamos despois. De todas maneiras voulle agradecer o seu voto, como non pode ser doutra maneira, o seu voto en positivo.

Falaba vostede de que non era concreto –e diríxome tamén ao señor Anta-, home, señor Anta, a miña pregunta non é se leu a moción ou a escoitou, que por iso lla lin, ante a dúbida de que non a lese, por iso lla lin eu. A miña pregunta é se vostede a entendeu que é algo moi diferente; porque vexo que non, porque vostede vaise ao *chascarrillo* e vaise ao detallíño cando a moción formula tres cousas moi concretas, tres cousas moi concretas e que evidentemente, e vostede entenderao e os que me estean escoitando, non van vir detalladas nunha moción; senón que implica que haberá que traballar sobre elas e por iso invitamos a todos os grupos a que o fagan.

Trátase de elaborar unha estratexia ou un plan provincial contra este problema de despoboamento e avellentamento que padecen outros, pero que nesta provincia é especialmente agravado. E ¿Quen a ten que elaborar? Proposta concreta, un Consello Provincial que é o que propoñemos, ¿iso non é concreto? E ¿por que un Consello Provincial? Porque nós poderíamos traer aquí unha moción con 40 páxinas con medidas concretas, serían as nosas; pero nós entendemos que teñen que ser as das provincia e que teñen que ser consensuadas e traballadas entre todos. Entenderá vostede, que o coñece

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

perfectamente, que non é o lugar adecuado un Pleno para facelo. Ten que ser un Consello no que non esteamos só os políticos; senón que sexa aberto a todos. Hai unha terceira medida concreta, esixir a discriminación positiva das outras administracións e nós puxemos varios exemplos nos que deberíamos pedir ou facer forza niso.

Carta aos Reis Magos, por algo será. ¿E non será que en todos estes anos vostedes non fixeron nada ao respecto? Por iso estamos como estamos. ¿Quen mandou aquí? ¿Quen manda? ¿Quen ten a capacidade de tomar decisións?

Miri Barreira, home, ourensá, botou anos, aínda non sei ese plan, ¿como era que se chamaba? Contra a loita o plan de dinamización xeográfica, ¿vostede viuño? Eu non.

Fálame vostede das subvencións da Xunta de Galicia, ¿de cales? ¿Desas que se abren ás 12 da noite e cinco minutos despois xa está o capital, a partida orzamentaria esgotada? ¿fálame desas? É verdade, e fálame vostede (cando lle toque despois) fálame vostede de dotacións orzamentarias; pero non sei se deu conta, faloume tamén das cifras de execución e ¿cando quedan esas cifras sen executar a que obedece? Por algo será, ¿non será que non están ben pensadas?

Vai vostede á Baixa Limia e escoite aos das Comunidades de Montes e de cando se queixan de que os criterios de axudas para rozas de montes a eles non lles benefician para nada porque teñen que limpar moitas veces á man e non con tractores. Escóiteos, a min dixéronmo. É dicir, están ben aquilatados os criterios desas subvencións.

Mire, una pregunta, que vostede falou de Piñor, ¿canto lle leva dado a vostede a Deputación e a Xunta en subvencións nominativas estes tres anos? ¿pasa vostede do millón? si, si, mire, señor Anta, a pregunta que falou vostede de tal, mire, ¿canto lle leva dado a Xunta e a Deputación a vostede nestes tres anos en subvencións nominativas? ¿pasa do millón? ¿canta poboación aumentou o seu concello? Eu xa lle digo, nos 12 anos que votei en Piñor, nunca tiven subvención nominativas por ese importe; a poboación descendeu igual. Pero é que dos outros concellos o mesmo.

Isto non é un problema nin da Veiga, nin de Piñor; é de toda a provincia. A problemática aféctanos a todos e non valen con medidas pequeniñas alí, non serve. Non podemos a ninguén obrigalo a vivir no rural, pero é que tampouco se trata diso. trátase de tentar levantar os atrancos que o que queira vivir no rural e do rural padece. Trátase diso, que os hai e vostede sábeos.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

Fálame vostede de Red Vivenda, do proxecto que teñen vostede e a alcaldesa da Rúa. ¿Non pedimos aquí, nós, nunha proposta no debate do estado da provincia que ese proxecto piloto ampliárano ao resto? ¿non o pedimos aquí? ¿que foi diso? Nada.

Farmacias no rural. Pois claro, prestan un servizo. ¿E se perde a poboación? Moitas farmacias están en dificultades para sosterse porque non cobren, escóiteos, fale vostedes con eles xa verá o que lle contan.

É que é un todo. Nós dixemos que son unha serie de propostas que propoñemos aí, onde se debería actuar. Pero é que ese non é o espírito da moción, non é o sentido da moción. O sentido da moción é que necesitamos unha estratexia e esta provincia ten que tela de seu. Non vale, vale, pero o que nos diga o Senado e o que nos diga o Observatorio Xeográfico da Xunta; pero ¿nós que dicimos? Eu non lle boto en cara ao señor presidente que viaxe, ¡só faltaría! Tampouco quero que estea sentado a diario no sillón, ¿que fai sentado no sillón? Non me escoitará a min iso. O que a min me gustaría e que cando vaia o presidente leve unha estratexia de provincia; pero non súa, senón de todos, non só nosa dos de aquí, senón de toda a provincia. E iso pode dicirme ¿en que órgano se fai? Nun órgano de participación, nun Consello Provincial, aí é o órgano no que hai que expor as medidas concretas. Ese é o órgano que nós propoñemos que se cree.

A nós non nos vale un Observatorio do Rural como hai un Observatorio Económico, ¿para que, para termos os datos? Xa os vemos. Pero nós queremos participar e non só nós, queremos que participe o resto da poboación e o resto de sectores e tamén os alcaldes dos concellos que teñen esta problemática, todos (menos a provincia) teñen algo que dicir. E non nos contentamos con que lle dean unha subvención, servirá para momentos concretos, servirá para gañar eleccións pero, ¿de que nos vale á provincia? Díxenllo no debate do estado da provincia, rematei con isto. Mire, catro anos despois de mandato e máis de 400 millóns de euros gastados neste mandato, case 67.000.000 de pesetas, ¿en que melloramos como provincia? Esa é a cuestión, algo estamos facendo mal.

O que nós propoñemos é que se faga algo para poder reverter isto. Se isto non o entendeu na moción, dende logo non a entendeu ben, aquí estoulla aclarando eu. Moitas grazas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: grazas señor presidente. Moi brevemente, simplemente para contestar a algunhas das cuestións que xurdiron no debate. Señor Anta, amigo Juan, desde logo, eu creo que o deixe claro na miña primeira intervención, non lle boto a culpa ao señor Baltar da sangría demográfica que vimos padecendo. Bótolle a culpa ao señor Baltar como representante dese Partido Popular que nos leva gobernando durante máis de 30 anos e que nos ten onde nos ten e aí si que vostedes terán que entoar un mea culpa colectivo e asumir esa responsabilidade.

Porque aí si que estamos de acordo con Democracia Ourensana, o primeiro que hai que facer é establecer condicións para que a xente poda vivir no rural e a condición básica é que teña acceso a algún medio de subsistencia, traballo, algunha actividade que poida sustentar a súa, precisamente, poder vivir nos pobos. Despois, se esta condición básica falla, a partir de aí escusamos darlle voltas e facer debate porque é absolutamente necesario calquera outra cousa se realmente non hai medios para que a xente poda estar asentada no rural. Aí é onde botamos nós en falta as políticas, iso que vimos denunciando reiteradamente que non se albisca ningunha solución e vostedes levan décadas, décadas sen apostar efectivamente, ou na práctica, por iso.

Está moi ben o caso que vostede nos pon do seu Concello, vostede ten ideas, efectivamente. Vostede, a parte de ter ideas, ten a posibilidade de financiarlas porque ten acceso aos recursos; cousa que outros, ao mellor non teñen e ao mellor tamén teñen moi boas ideas; pero non deixa de ser un caso puntual e, con todos os respectos, anecdótico no conxunto da provincia e no que é a realidade do resto de Concellos.

Entón, podemos estar debatendo, o debate, ao igual que na moción anterior, é positivo e é enriquecedor para todos; pero mentres non haxa outra visión da provincia, mentres non haxa outra formulación á hora de destinar os recursos para crear riqueza, para loitar como propuña eu na miña primeira intervención.

Eu facíalles unhas preguntas ¿que van facer vostedes ao respecto dos nosos agricultores agora que se está negociando unha nova PAC. ou dos nosos gandeiros? Porque iso realmente é o que ten repercusión á hora de que se poida crear riqueza e que a xente poida estar no rural e non como ten pasado neste últimos anos onde, por desgraza, os nosos mozos, as nosas mozas teñen que emigrar a outros sitios do territorio español, ou a outros sitios do territorio español para buscarse a vida. E o resultado é o lóxico que aquí quede

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

unha poboación avellentada e, como non, repetimos e insistimos e non nos cansaremos de insistir, pois unha superficie que queda a monte e que non lle podemos tirar ningún partido.

Aí, claro, volvemos outra vez e volveu saír o tema do goberno bipartito; home, o goberno bipartito fixo o que puido nos tres anos e medio que estivo á fronte da Xunta e unha das medidas de discriminación positiva que puxo enriba da mesa, dunha xa falaba o portavoz do Grupo Socialista, foron máis, pero unha precisamente foi para intentar atallar esta problemática, mobilizar terras co Banco de Terras. ¿Que dixeron vostede do Banco de Terras? ¿Que dicían vostedes do Banco de Terras, unha medida claramente, ou destinada a que se puidera vivir do rural e poder tirarlle movemento á nosa superficie agraria e que iso realmente contribuíra a asentar poboación e a crear riqueza? ¿Que dixeron vostedes?. Nada máis. Moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana: hola, sí. Al alcalde de A Veiga tengo que decirle gracias, gracias por animar el debate, por entrar aquí.

Bueno, vamos a empezar por partes, por favor. Primero, y esto se lo digo a Plácido porque le interés mucho el marketing electoral, acaba de decir ahora mismo el del BNG un error de bulto en este debata. Acaba de decir el del BNG, como bien dijo antes el representante de Democracia Orensana... y dijo una cosa que había dicho y la recordó y dijo: como bien dijo antes. Eso nunca se hace en un debate porque eso queda grabado y le estás dando importancia al otro. Plácido, nosotros en Democracia Orensana siempre le digo a nuestros concejales, no digas nunca como bien dijo aquel, ¡joder!, después me da un trabajo de la leche en la tele tener que editar y cortar eso.

Total, dicho esto, tengo que decir lo siguiente. Efectivamente, a lo que hacía referencia, tenía razón; efectivamente lo que importa es la clave y la clave es que haya trabajo y todo lo demás lo buscas como sea. Yo recuerdo una vez que fui a Argentina –creo que vosotros está vez no fuisteis a Iguazú, fuisteis a esa zona de Argentina, en Montevideo- y están las cataratas de Iguazú y el enlace es muy malo, es un coñazo y es caro el billete; o sea ir a Iguazú es realmente un coñazo y allí es un sitio, es horrible lo que es el pueblo. Pero, ¿Por qué arrasa Iguazú en turismo? Arrasa Iguazú en turismo porque las cataratas son tan bestiales que la gente hace lo que sea por las cataratas. El glaciar, creo que es Perito Moreno que está en la Patagonia, en el sur, la combinación es horrible, es carísimo, no

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

puedes ir por carretera porque son mil y pico kilómetros de Buenos Aires; la gente mueve Roma con Santiago para verlo, ¿por qué? Porque eso hace que te mueva.

Ayer mismo, yo fui a Vitoria, fuimos a hacer unas grabaciones para comparar obviamente con Orense y todo eso, y al final venía por la carretera, tenía un sueño de la leche, era de noche, llovía, ¡un coñazo de la leche!, con el coche, precisamente paré en A Gudiña y ahora voy a hablar, que hizo mención aquí el alcalde de A Veiga y viniendo se me hizo el viaje eterno; dije yo; jo, las veces que fui a Madrid, hace 15 años, y recuerdo que me venía solo de noche e hice eso...joder, ¿cómo podía hacer eso? Sabes por qué lo hacía, por amor; porque si no es imposible coger el coche, *carallo*, y a las 4 de la mañana venirme lloviendo, una niebla terrible...el viaje se hace eterno. Hay algo siempre que te mueve y lo justifica.

Bueno, total, eso dicho, lo que hablábamos ahora que si queremos fijar; primero, habría que cuestionarse si realmente queremos fijar población en el rural. Es decir, oye, que mucha gente lo que quiere es vivir en villas, no en el rural; o sea, cuidado, queremos que Orense no pierda población, pero no necesariamente tiene que estar en todos los pueblos de donde, la mayoría, proceden nuestros antepasados. ¡Hombre, no sé hasta qué punto es operativo repoblar todas las aldeas que ahora están despobladas! Lo que hay que hacer es fijar población en la provincia, no precisamente en la aldea de la que vienen todos nuestros antepasados. Excepto que cada uno que lo quiera, Armando siempre dice que su sueño es volver allí a su aldea, vale, es una decisión personal; pero eso no tiene que ser lo que queramos hacer todos.

Dicho esto tengo que decir que, sencillamente, la clave es el tema del trabajo y todo lo demás viene. Hablando de este tema, hablando del AVE que es lo que quitó él. Primero, nosotros no dijimos que el AVE no tuviera importancia, antes creo que la gente lo malinterpretó. El AVE es una auténtica comodidad, es una auténtica maravilla tener el AVE y poder desplazarte ahorrando tanto tiempo y lo cómodo que es. Lo que dije yo, el hecho que andáis diciendo: lo fundamental es que Orense sea la entrada del AVE a Galicia y eso es lo fundamental. Primero, es mentira, Orense no es la primera, la primeras es A Gudiña.

Segundo, por el hecho de ser la primera, segunda, tercera, no cambia absolutamente nada. Es absurdo. El AVE es fundamental, obviamente, pero el AVE no va a transformar la ciudad de Orense porque no ha transformado Zamora y no va a transformar Orense. Es más,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

tenemos AVE directo con Santiago y Coruña ¿en qué ha cambiado Orense? Vamos a verlo en proporciones no como en Madrid, sino en la proporción pequeña de Santiago y Coruña. Desde que Orense tiene ya el AVE con Santiago y Coruña ¿en qué ha cambiado Orense? Pues Orense ha perdido población, antes teníamos 108.000 habitantes y ahora estamos en 105.000. ¿En qué ha cambiado Orense? Hombre, que es más cómodo ahora ir a Santiago y A Coruña, pero nada más ¡carallo! Lo que estáis vendiendo es realmente humo.

Me acaba de decir que el AVE ha transformado A Gudiña. Joder, si ayer mismo yo me paré en A Gudiña. Vamos a ver, será muy cómodo para la gente que está...primero, para empezar, el AVE, lo que le importa a la Gudiña es a las zonas limítrofes; no precisamente A Gudiña; el AVE no ha transformado A Gudiña prácticamente nada que yo sepa, ayer lo vi y no vi que la Gudiña haya cambiado. Es más, si tú miras la población de la Gudiña en los últimos años no hay ningún repunte. ¿Hay algún repunte en población, porque yo no lo veo en la Gudiña? ¿Qué hay, dos restaurantes más, tres gasolineras más? Hombre, tres no hay; es lo que a lo mejor vemos, pero no mucho más. Digo yo, no sé. Yo personalmente allí no lo veo.

- Jácome: Cleto, [*o deputado de Democracia Ourensana mantén unha conversación por teléfono*] ¿me oyes? ¿Me oyes, Cleto? A ver, mira unha cousa, a ver Cleto que ti traballas nesa zona, traballas alí ao lado da Gudiña, dime dende que está o AVE, por favor, ¿en que cambio A Gudiña dende que vai o AVE, en que se transformou A Gudiña nos últimos anos, Cleto?
- Cleto: eu non vin que se transformara en nada, non sei, eu son veciño.
- Jácome: pero una cousa, bueno, ti tes alí negocio. Unha cousa, ti tes alí negocio dos que máis facturan, ti dime ¿canto se transformou desde que hai o AVE alí A Gudiña, canto cambiou A Gudiña?
- Cleto: pois, desde que estou eu alí, fai máis de 30 anos, eu creo que non cambiou moito. Eu non che sei, eu son da Mezquita non da Gudiña, pro bueno.

Jácome: pero ti sabes ben como é esa zona, vale. Moi ben

Obviamente el AVE, obviamente, influye en toda esa zona; influye en A Veiga, influye en Verín, influye en A Mezquita, influye en Vilavella. Oye, que montaron un hotel, que lo montó un señor en Vilavella no por el AVE; montó un señor un hotel en Villvela porque es su pueblo natal y ¿le da pérdidas? Seguramente sí, pero lo hace porque tenía el

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

amor a su tierra. Oye, no lo hizo por el AVE. De hecho, el punto que haya ahí AVE no significa que este hotel facture cantidad, no. Él lo hace ya por amor al arte aunque pierda dinero.

Entonces lo de la Gudiña me parece una broma. O sea, ¿Qué hay una gasolinera más en la Gudiña? ¿Hay una gasolinera más? ¿Se para más? ¡Hombre por Dios!

Mira, voy a dar un dato impresionante que ya lo dije aquí una vez. Una de las zonas más bonitas que yo creo que hay en plan místico, en plan naturaleza, supongo que son los Balcones de Madrid del Cañón del Sil. Yo creo que quizás es la zona más bonita que hay, no. Yo soy de allí y lo conozco desde que era pequeño. Entonces, es una de las zonas más bonitas que hay, ¿qué ocurre? Cuando yo tenía 15 no lo conocía casi nadie, se fue conociendo poco a poco, poco a poco y hoy lo conoce ya casi todo el mundo. Bueno, pues hay una zona en Portugal que es en el Gêres que es la zona de Castro Leboreiro, ¿cómo se llama? Castro Laboreiro, bueno, allí hay una masa pétreo tremenda, subes al castillo y ves allí unas vistas que son también súper bonitas, muy espiritual, es súper bonito. Es mucho más bonito, obviamente, el Cañón del Sil, la Ribeira Sacra, es mucho más imponente. Bueno, pues en Castro Leboreiro hay 7 restaurantes, 4 o 5 hoteles; muchísimo más que tenemos nosotros en la Ribeira Sacra. En la Ribeira Sacra, en Parada de Sil, ahora acaban de abrir un restaurante. Pero, allí, en la Ribeira Sacra durante mucho tiempo había uno, dos restaurantes; ahora abrieron otro y ahora ha abierto, por fin, un sitio de habitaciones. Es decir; Castro Laboreiro no tiene nada, al lado del Cañón del Sil; tiene mucho menos potencial, pero muchísimos más turistas.

Entonces, lo que te quiero decir es que en cualquier caso estamos hablando de cifras que yo no acabo de ver. Que el alcalde de A Veiga me intentara aquí, no sé, ridiculizar diciendo que se ha transformado A Gudiña, es realmente para alucinar.

Respecto que si yo tengo los datos de lo que gasta la gente. Mira, dice, oiga, ¿cómo sabe usted lo que gasta la gente? Juan, Juan, te estoy comentando lo que me comentabas antes, decía que cómo sé lo que gasta la gente aquí. Pues mira, hay una cosa que se llama Instituto Nacional de Estadística y obviamente eso es por estadística. Entones que intentes ridiculizar los datos de cómo sabemos cuánto gasta el turismo. Oye, perdona es el Instituto Nacional de Estadística que ahora depende del Partido Popular, excepto que vosotros truquéis los datos. Entonces es muy fácil saberlo, aquí las pernoctaciones están claras,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

¿cuánto se factura en Hoteles? Perdona, es que eso es obligado. Cuando ese señor fue con su amante al Hotel Francisco II, no registraron la habitación donde estuvieron; pero es que es obligatorio registrarla. Entonces, al registrar las habitaciones con eso se sabe cuánta gente pasa en los hoteles, no se puede hacer trampa. Con lo cual, ¿Cuánta gente pernocta en Orense? Todo eso está registrado, excepto la que pasó este señor con su amante que no quedó registrada, todas las demás están registradas. Con lo cual, si nosotros damos datos, o sé por qué te mofas de esos datos.

Los datos aquí están muy claros, hay 600.000 pernoctaciones en Orense. Si tú miras la facturación ves que en Orense se facturan en torno a 23 millones de euros. Hombre, sinceramente, 23 millones de euros *é unha merda* porque Bath factura en torno a 400 millones de euros, vale, y aquí 23. Pero es que esos 23 que factura Orense, seguirían facturándose más si no existiera el termalismo; a lo mejor es un millón de euros por el termalismo. ¿Tú crees que todo el mundo que viene aquí va a las termas? *Entón non se collería, carallo; se veñen 600 non se collería nas termas*. Entonces, ahí está el dato, si nosotros facturamos por las termas un millón de euros, pues gastarse en publicitada seis millones me parece sinceramente aberrante.

Eso, el AVE es fundamental pero non nos vendas aquí que va a ser gran salvación el AVE, porque ya lo hemos visto, con Santiago y con Coruña desde que hay AVE, Orense va para abajo. Entonces, cuando sea el de Madrid ¿crees que Orense se va a salvar porque haya AVE? No. Orense necesita salvarse por algo que no sea el AVE. El AVE no es la salvación de Orense, obviamente es una infraestructura que queremos. La gran prueba de que el AVE no es vital la vi yo ayer en el País Vasco. Llegas allí, al País Vasco, aquello es impresionante y resulta que la zona más próspera de España no tiene AVE, lo va a tener, pero hoy no lo tiene. Es una de las zonas que peor acceso tiene por ferrocarril, el País Vasco a Madrid y sin embargo es la zona más próspera de España. Entonces, el AVE es una infraestructura, es bueno que venga; pero no es fundamental. No es la solución como intentáis vender.

Respecto a lo que decía aquí el del PSOE, decirle lo siguiente. Nos vendió la moto de la AG-56. Primero, lo que es medible no es opinable. Cuando estuvo el bipartito en la Xunta, las inversiones de la Xunta de Galicia, gobernado por el Partido Socialista y el BNG, nunca, nunca, superaron el 12% las inversiones en Orense provincia; con lo cual

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

nunca hubo realmente una discriminación positiva; porque lo que es medible no es opinable. La Xunta de Galicia siguió discriminado a Orense.

Voy a dar un dato tremendo. Dice que la AG-53, dice: *no, no, es que hicimos el peaje de la AG-53* (la que va a Carballiño, de Lalín hasta aquí a Carballiño) gratuita. Oye, perdona, vamos a ver, no se lo imputes todo a Orense eso porque la mitad de esa autovía está en otra provincia que no es Orense. ¡Vaya morro! Escucha, es que a mí me hace gracia ahora que dice lo siguiente, la inversión del AVE, primero, cuando imputa las inversiones del AVE, ahora las obras que están haciendo aquí por la provincia, dicen *se está invirtiendo en Orense tanto*. Mentira. Esa inversión que se hace en Orense no es solo para Orense; es para Santiago, para Vigo...para todos los sitios donde vaya el AVE. Pero, es más, también es para Madrid. Oye, perdona, cuando se está haciendo una vía del AVE de Orense hasta Madrid, no se lo puedes imputar solo a Orense. *Oye, mira cuánto invertimos en Orense*. Perdona, también se va a beneficiar Madrid de eso.

Pues cuando haces ahora una autovía gratuita a Lalín, oye, perdona quienes de benefician de eso también son Santiago y Coruña; cuando vienen por aquí les sale gratuito. Así que no digas, *no, esto es solo para Orense*. Oye, perdona, me recuerdas al alcalde de Orense que cuando nosotros dijimos, en Democracia Orensana, que nosotros queremos reclamar un AVE directo a Vigo dice: *eso es luchar por los intereses de Vigo*. No, hombre, es luchar por los intereses de los dos, de Vigo y Orense. Entonces ahora no me vengas diciendo que eso sólo para Orense; haciendo esto se benefició a Lalín y a las zonas de Lalín, no solo de Orense, ¡carallo!

Bueno y qué más podemos decir esto, que respecto a la moción aquí del PSOE que estamos a favor, que obviamente dicen vaguedades, no dicen acciones concretas y estamos a favor. ¿Por qué estamos a favor de esta moción y no de la anterior? Porque esta es instar a la Xunta, que realmente es instar a la Xunta, al Estado español y a Europa. No te van a hacer ni caso, pero por lo menos estás instando para pedir algo para Orense. En la anterior, se estaba pidiendo la energía para Galicia; este no es el foro, para eso está el Parlamento gallego. Aquí, sabemos que instar no sirve de mucho; pero como es de Orense estamos a favor de esta moción.

D. Juan Anta Rodríguez, do Grupo Popular: moitas grazas presidente. Vou a intentar agora ser máis breve.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

Señor Jácome, que haxa máis, un restaurante ou dous restaurantes máis, ou haxa unha gasoleneira máis, ou unha gasoleneira menos... ¡Claro, esa é a clave! Porque vostede opina que para a xente que vivimos na Veiga, de Oímbra, de Baltar ter dous restaurantes máis, tres restaurantes máis, sempre é importante. Eu non digo que transformen un sitio, pero todo suma. Para nós, ter cinco ou dez empregos nun concello pequeno é moi importante; para nós. Sei que, a o mellor, para a xente que vive na rúa Progreso ao mellor non é tan importante; para nós si, ¿por que? Porque supoñen un grao máis, supoñen un dato importante.

Mire, sobre o tema da Gudiña que me dicía vostede antes, non recordo o nome, era moi raro, do seu amigo, Cleto, bueno pois Cleto...ah, o pai de Antucho, si. Mire, voulle ler aquí (porque xogou comigo, coñézoo) mire, voulle ler o que pon aquí. Voz de Galicia:

A Gudiña planta cara á estadística demográfica: aquí sí que nacen niños. El alcalde protesta ante el INE por no contar dos años seguidos a los bebés del pueblo (espere, un segundiño, mire, vullou ler, escoite, mire) A Gudiña xa vivira un boom demográfico fai tres anos. Porque os datos do INE estaban mal, podo seguir? Os datos estaban mal, foran do PP, foran do Bloque ou foran do PSOE estaban mal, ¡os datos! E acábollo de dicir. Mire, lea a prensa; pon, o ano pasado, *un dos nove rapaces que naceron...* ¡Claro! Pero para vós ese é o respecto que lle tedes ao rural e despois vides aquí a votar mocións, si, vides a votar aquí mocións. ¿Sabes o importante que é que nove nenos nazan na Gudiña ou noutro concello? Claro, para nós é moi importante, pero para ti que non entendes nada... escoita, non, mira, broma non é porque é bastante serio como para que votes a favor ou en contra cando non entendes nada e voucho a explicar.

Mira, isto é da *Voz de Galicia* porque eu recordo que o vin na *Voz de Galicia*, voulle dicir a fecha, a semana pasada. Para nós, que nazan nove nenos, nun concello como o noso é importantísimo, ¿por que? Porque che garante o colexio, garánteche que os pais, os avós podan vivir alí e sigan vivindo alí; garánteche determinados servizos e que ti podas defendelos. Para vós, que non entendedes nada, non, non entendedes nada, falades disto con absoluta demagogia e con esa risa que acabas de facer, que me acaba de molestar, pero por unha sinxela razón, non a min, porque non respectas ao rural, porque non o entendes.

Cando se trata de vertebrar un territorio, agora voulle dicir ao señor Fraga Civeira, de montes comunais vamos falar agora ti e eu, voulle explicar o dos montes comunais, ¡a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

bo sitio foi agora! Voullo explicar o que son os montes comunais. Nove nenos para nós supón un montón, supón un montón de esforzo, supón un montón de preocupación, un montón de servizos para manter e para nós é importantísimo; para vostedes non, porque nunca o van a entender. É imposible que o entendan porque dende a humillación, dende ese sorriso que agora non estivo acertado cara á Gudiña ou cara a outros pobos, así... e despois quéreme votar a favor desta moción.

Ben, mire señor Fraga Civeira, vamos a empezar polo principio, o tema das subvencións. Voullo intentar explicar, vou ser breve nesta vez, voullo a intentar explicar. Mire, esa subvención de 5 minutos que vostede di; mire eu non teño problema de que a miña xente sexa hábil e estea alí pendente e se poña a facela. Pero voulle a dicir máis. As de laboratorio de cooperativismo, se non se gasta o orzamento, non é cuestión de tempo; é cuestión de que non se pide, ¿entende? (escoite, escóiteme, xa sei que lle estiveron dando móbiles por aí, pero escóiteme, vostede non se preocupe, tranquilo) Mire, eu, nós, gastamos máis do 50% do orzamento da Xunta nesa subvención e o resto, parte, quedou sen usar. Pregúntese por qué, porque non o gastaron. ¿Sabe que fixeron con iso? Dar clase a apicultores, dar clases a gandeiros, dar cursos para que viñera o presidente de Pastos a formar á nosa xente, fixemos temas de propóleo, de polen, de división de raíñas... ¿sigo? Iso ¿por que non o fixeron vostedes? si, pois mire, entón foi o segundo Concello que o pediu porque o resto de cooperativismo e todo iso non o pediron, señor Fraga Civeira.

Pero mire, o que eu lle digo, esta carta de Reis Magos que a parte vostede acábame de confirmar que é unha carta os Reis Magos, co cal, bueno, é bo que sexa unha carta aos Reis Magos. Ao meu sobriño voulla intentar facilitar, para que durma ben aquela noite voulla ler, porque seguro con iso vaise durmir entón voulla ler. Voulla ler, mire, cando falaba das vivendas, eu acábolle de dar un dato das vivendas, non me veña vostede con historias, eu acábolle de dar un dato das vivendas, non do Plan de Vivendas noso; senón de todo o orzamento que había. Vostede, cando eu lle falo do Plan de vivendas baleiras da Xunta, entende, sabe evidentemente o que é, e sabe que se adheriron moitísimos Concellos do PSOE, ¿por que, era malo? Pregúntelle ao seu amigo Alfredo, o alcalde de O Barco, se era tan malo... pero adheríronse. ¿Sabe vostede que hai subvencións para os concellos para rehabilitar vivendas sen propiedade, sabíao? ¿sabía cantos concellos pedírona o ano pasado? ¿sabíao?

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

Mire, sigo, en canto ás Escolas Infantís. Xa lle dixen que as Escolas Infantís, a vivenda niño, fai dou anos para acá hai 45 vivendas niño no rural; que por certo, é un servizo excepcional no que eu creo profundamente e deféndoo. Diso tampouco falou vostede. Tampouco me dixo nada, por certo, do transporte. Isto que lle dixen eu que, se fora mentira, imaxínome que os 30 millóns de euros no Senado votouse en contra; imaxino que non sería mentira senón en Google hoxe mandaríalle un whatsapp ou algo para desmentilo e non o desmentiu. Home, ten que coordinarse co seu partido, se vamos a pedir isto e despois votan que 30 millóns de euros no orzamento xeral do Estado do 2018, votan que non, ¡a ver no que quedamos! Hai que ver todo iso.

En calquera caso, en calquera caso, eu cando falo de que non é algo tanxible, algo concreto, é que vostede di, critica que nós non propoñamos cousas concretas, ou que o presidente non traía resultados concretos e vostede propón esta moción absolutamente *farragosa* na que non hai ningunha medida concreta e permítanos, home, eu teño capacidade para entender isto; seguro como vostede para escribir e ler, case seguro, pódollo garantir. Se non lle gusta a nosa interpretación, non dubide de que eu o entenda, home, déame un voto de confianza.

En calquera caso, non é que non a entendamos, é que aquí fala dos autónomos aos cales pretenden subirlle, me parece a cotización. Fala da Seguridade Social. Fala da farmacia, oxalá, pero se nos estamos encantados en que haxa farmacias en todos os concellos; pero díganos cómo quere colaborar con cada ente particular ou público, dígame cómo e votaremos en consecuencia.

Agora, vostede fálame aquí...falemos dos montes de mancomún, ¿quere que falemos dos montes de mancomún? ¿Sabe o que unha SOFOR? Non o sabe, si ¿Sabe o que unha SOFOR?, ben, ¿cantas se constituíron en Piñor? Entón, perfecto, falemos diso. Mire, falemos da SOFOR, falemos do Banco de Terras, falemos de vertebrar o territorio; pero se a nós non nos propoñen medidas concretas, medidas concretas sobre cuestións concretas, nós estaremos encantados; pero para vertebrar o territorio, non me propoña isto. Isto é absolutamente *farragoso*, absolutamente inconcreto e absolutamente inválido para o que pretendemos. O único que pretenden con isto e dado que chega o Nadal, que chegan as eleccións municipais en 5-6 meses é votar que todos estamos de acordo nisto. E ¿quen non

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

está de acordo con favorecer o desenvolvemento do rural? todos estamos de acordo; pero propoñan accións concretas.

Mire, sobre as comparacións que me facía vostede de cantas subvencións nominativas recibimos. Mire, señor Fraga, para crear unha marca de mel non lle fan falta subvencións nominativas. Para crear o proxecto Starlight non lle fan falta subvencións nominativas. Para crear axudas a autónomos fixémoslo nós, non o fixo vostede nin cando gobernou, pero fixémoslo nós, e non me fixeron falta subvencións nominativas. Para darlle axudas aos gandeiros fixémoslo nós e non nos fixeron falta subvencións nominativas. Para o Plan de Vivendas si nos fixo falta unha subvención nominativa, pero sabe o que fixo falta, señor Fraga Civeira, ter idea desenvolvida e redactada; cousa que vostedes non fan. Están aquí sempre coa educación –algúns teñen menos ca outros, algúns teñen sempre menos que outros- , pero en calquera caso, sempre están con propostas xerais e nada en concreto. Falen de cuestións concretas e seguro que teñen o noso apoio. Grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas señor presidente. Non ía entrar, pero vexo que lle teño que aclarar ao señor Jácome unha cousa que coñezo bastante ben, AG-53, AG-53, alto de Santo Domingo-Ourense; AP-53, alto de Santo Domingo-Santiago. Son autovías diferentes. Cando eu vou a Santiago pago 5,90; cando veño a Ourense non pago nada. ¿En que o notan os de Lalín? Dígollo eu. Parte da poboación de Lalín estase desprazando a Ourense para comprar e non a Santiago, pese a que quedan, máis ou menos, á mesma distancia porque teñen en torno a 12€ de diferenza de peaxe. Pero voulle a dicir máis, eu recordo cando había unha pérgola en Moide, no Reino, en Piñor, para cobrar a peaxe; xa estaba instalada. Os que fosen de Ourense a Santiago, antes de continuar pasaban por alí e pagaban. Esa pérgola foi levantada por un goberno bipartito, cunha conselleira socialista e estableceuse unha peaxe en sombra que pagamos entre todos os galegos, como pagamos tamén outras peaxes en sombra que hai por aí adiante. Se esa non é unha medida de discriminación positiva cara a esta provincia que baixe Dios e o vexa.

A min poderame dar leccións noutra cousa, pero da AG-53, non. Iso asegúrolla e iso foi a realidade. Cando unha persoa vai de Ourense a Santiago paga 5,90; pero paga do tramo desde Lalín ata Santiago, o de aquí non o paga; pagámolo todos, pero non só un usuario particular.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

Medidas concretas. É que eu insisto en que non entenderon, nin entenderon a moción. Pero, ¿señor Anta, a vostede parécelle que un Pleno como este e quen para poñernos aquí a traer un relatorio de 40, 50, 60 medidas concretas e expor medida a medida? ¿a vostede parécelle o foro axeitado? Eu entendo que non. ¿Que é o que se propón? Que iso se trate noutro foro e aquí, se teñen que vir as conclusións dese foro, dese consello provincial para ser aprobadas, que veñan aquí e aprobaremos un documento de todos; non só o meu ou o seu.

Dende logo, mire, ten boa intención –as axudas que vostede da-, pero ¿vostede cree que cunhas axudas para autónomos ou, como dixo vostede, para situacións de seca se vai solucionar a situación? Son medidas puntuais, medidas concretas que están ben; pero non vai mellor vostede a situación de fondo, non vai mellorar vostede a cuestión demográfica, ¿Entende?

Prazas de educación infantil, ¿cre que son suficientes?. Casas do maior, ¿cre que son suficientes?. Transporte. Calquera veciño dunha parroquia do meu concello que queira ir ao Centro de Saúde ou onde ao Concello, ¿ten transporte? Non. Pero, se fixeron vostedes un plan provisional de transportes que ten que ser mudado no 2019 porque vencían as concesións polos problemas que houbo; polo problema xudicial que houbo que caducaron as condicións e despois de moitos anos de marealos sacaron un plan a présa e correndo, ¿iso cre que soluciona o transporte do rural que é unha das eivas que hai?

Mire, non se trata, como certamente dixo o señor Jácome, de obrigar a ninguén a vivir no rural; trátase do contrario, de que a xente que queira vivir no rural e insisto, e do rural porque son cousas diferentes, porque se pode vivir no rural, pero non do rural, é importante que a xente viva do rural que teña, como dixo o señor Jácome, que teña trabalo no rural; entón necesítase, a parte de traballo, necesítase vivenda e necesítase unha cousa fundamental que vemos Pleno tras Pleno como se está perdendo no rural, necesítanse servizos públicos -estámolos perdendo- e, está meridianamente claro na moción, discriminación positiva. Diso se trata.

Mire, eu sabe o qué lamento, que nunha cuestión tan de fondo como esta e tan importante e tan grave se queden vostede no *chascarrillo* e na anécdota. Non vai disto. Vai dun problema de fondo. Non vai nin dunha comunidade de montes, nin dunha farmacia, nin de non sei que; vai de moito máis, vai de ter unha estratexia provincial, nin dunha carta aos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

Reis Magos...Pero, ¿vostede cre que eu, ou calquera dos outros, imos gañar votos nas eleccións? ¡Iso se ofreceraros unha empresa de coches eléctricos, pero non nisto! ¿vostede cre que imos gañar algún voto con isto? Esta é unha necesidade que hai nesta provincia.

Mire, os datos están aí, son teimudos, téñeno vostede e témolos todos. Calquera que vive no rural ou calquera que mire para o rural ve a situación; non máis hai que ir e ver como están as casas caídas e os pobos abandonados, non hai máis que velo. A cuestión é se queremos facer algo ou non, ou se queremos seguir mirando cara a outro lado. Vir aquí a falar, falar e falar; pero, ¿algo concreto? Pero, non é este o foro;o foro é un órgano no que participemos todos e no que se tomen alí as medidas. Seguiremos aquí con debates e Pleno tras Pleno seguirá saíndo este tema porque é unha cuestión de fondo que lle toca a todos e ¿contentámonos con isto? Pois mire, vaia decepción me levo; sobre todo dunha persoa que é alcalde dun concello do rural coma vostede.

Lamento moito que a Deputación non sexa quen de poñerse, agarrar o touro polos cornos e liderar este tema. Isto é o que necesitamos como provincia, unha estratexia conxunta para reclamala entre todos, non só do presidente do grupo maioritario, ¡entre todos!. Isto tan sinxelo é o que se propón aquí. A min non me vale con que veñamos aquí a traer unha medida concreta, unha proposta, está ben; pero é un problema de fondo.

E remato, lamento moito que non entenderan este proxecto, perdón, esta moción (bueno, vostedes saben que todos temos *lapsus linguae*, aproveitarse deles... *esa risa*, como lle dixo vostede ao señor Jácome), remato, a nosa decepción e o noso lamento porque isto non saía a diante. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8º](#).

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourensana (2), o voto en contra do Grupo Popular (14) e a abstención do BNG (1).

9º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Á IMPLANTACIÓN E DESENVOLVEMENTO DUN POLÍGONO AGROPECUARIO NO MONTE MEDO.-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

O Sr. presidente cédelle a palabra a Democracia Ourensana para que expoña o contido da moción.

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana: grazas presidente. Ola de novo. Esta é unha moción co grao de concreción que se lle supón a unha moción. O señor portavoz do Partido Popular, alcalde de A Veiga, culpaba á moción anterior de vaguidades, de abstraccións...

A ver, unha moción non é un proxecto. A palabra moción é unha palabra que vén do latín e que significa movemento -automoción, que se move por si mesmo-, poñer en movemento unha idea, prestar atención a unha cousa e non á outra. Decía unha filósofa chamada Simone Weil que *da atención vén a revolución*. Nós, nos Plenos, prestámoslle atención a unhas cousas e deixámoslle de prestar atención a outras; ou sexa, nunca é posible prestarlle atención a todo. Entón, a moción significa prestarlle atención a unha cousa e poñer en movemento; pero non un proxecto como pretende vostede que se dea o proxecto concreto, para iso están os proxectos despois.

Bueno, ¿cal é a idea que traemos nós? Lévase falado todo o Pleno de fixar poboación no rural, de crear emprego no rural, de aproveitar os recursos desta provincia; *bueno*, pois eu creo que esta moción vén totalmente acaída. Falamos da posible creación dun polígono agropecuario. Polígonos que xeran traballo (estes días estíbese celebrando o aniversario do Polígono Industrial de San Ciprián e doutros polígonos) e o que propoñemos é algo tan importante como poñer en valor o que xa na propia moción se chama o sector primario.

A moción empeza facendo un pequeno repaso do que todos estudamos nos nosos estudos básicos, o qué é o sector primario, o sector secundario, o sector terciario, etc.. e chegando á conclusión de que o sector primario, o sector relacionado cos recursos básicos que nos proporciona a natureza son fundamentais. Xa, baseándose nesa xeneralidade vamos a especificar un lugar xeográfico bastante acotado (home, non no grao de concreción que ao mellor pediría o señor alcalde da Veiga, ao mellor xa quere que lle digamos qué parcelas concretas); falamos dunha zona ao carón do monte medo, entre o monte medo e as estimacións da Serra San Mamede, aquí veñen especificados, incluso, nomes concretos dunhas poboacións: Xinzo da Costa, Baraxela, Castro de Escuadros. Se vostede mira dende calquera desas poboacións ao Monte Medo, onde está o Santuario dos Miragres, verá que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

hai unha extensa superficie de terreo, tal e como se di na moción, *actualmente baldío, mal explotado nunha enorme superficie, pouco poboada que permitiría facer un polígono desas características, onde poderían obterse máis de 1.000 hectáreas para actividade agropecuaria* (agora mesmo estou lendo textualmente). *Tamén poderían adquirirse micro polígonos de 30 hectáreas como mínimo cada un que serían autosuficientes para garantir o éxito da implantación e desenvolvemento.*

Loxicamente todo iso, non hai que ser moi listo para saber que xeraría emprego, xeraría riqueza, contribuiría á fixación no rural, atraería xente nova a traballar alí co cal, estaríamos na onda da moción anterior, de loitar contra o avellentamento; xerárase traballo, nacerían nenos que, como xa levan falado, é fundamental para inverter esa pirámide demográfica da cidade.

O sector primario leva décadas na nosa provincia estando mal visto. Todos sabemos que a nosa provincia foi tradicionalmente moi gandeira e moi agrícola e parece ser que , dunhas décadas para aquí, todos quixemos escapar diso, de ir coas vaquiñas para o monte e de cultivar as patacas e de coidar as nosas ovellas. Pero, iso, agora, ao mellor temos que retomar –loxicamente empregando as tecnoloxías actuais e os recursos actuais-, ao mellor teremos que volver retomar eses inmensos recursos que temos para investir esas tendencias tan negativas das que levamos falando todo este Plenos, os outros e os que nos quedarán seguramente.

O outro día chamoume a atención outra frase que dixo Feijóo, dixo: se non fora por –eu creo que se pode dicir o nome completo, non é publicidade nin falta que lle fai- se non fora por Coren (¿como dixo?, algo así) *se cerra Coren, cerra a provincia de Ourense.* isto faime pensar varias cousas. Primeiro, que o sector agropecuario ten futuro na nosa provincia, moito máis alá de Coren. Mire, o meu pai tiña unha granxa avícola ata que se xubilou, criou catro fixos sen maior problema, ou sexa, coñezo un pouco de primeira man o que é o sector. Por outra parte, fíxome pensar tamén esta frase de Feijóo, que fai moitos anos cando foi o principio da democracia, cando estaban empezando a pululando os primeiros partidos políticos e as primeiras eleccións, lembro que alguén lle dixo a Carrillo que viñera dar un mitin a Ourense (isto foi alá nos anos finais dos 70 e quizais principios dos 8, non recordo que eleccións concretas) e Carrillo dixo *que voy perder el tiempo a Orense si allí está Franqueira y allí no hay nada que hacer.* Ou sexa que, en todos estes

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

anos a provincia segue tendo esa dependencia dunha empresa concreta, ¿non se moveu nada máis?. Aquilo que dixo Carrillo tamén o dixo, máis ou menos, o outro día Feijóo. ¿iso foi o que se moveu a provincia, absolutamente nada?. Tamén lle recordo que o anterior ponente falaba, da moción, como estratexia, non como táctica; estratexia quere dicir algo máis xeral.

Nós o que pretendemos é que nesa zona que xa está ben especificada na moción que, xa digo, non ten que estar acotada como un GPS ao grado, minuto, segundo xeográfico; é nesa zona onde se poden comprar en moitos casos, onde se poden facer boas ofertas aos propietarios (nalgúns casos, nos termos en que a lei o permita, o contemple, poderase expropiar) e o que propoñemos é que dende a Deputación Provincial se inste á Xunta de Galicia á adquisición ou no seu caso, como dicía, á expropiación dos terreos necesarios (sempre dentro das posibilidades da lei, loxicamente) na zona da provincia anteriormente mencionada co fin de implantar e desenvolver un gran polígono de explotacións agropecuarias.

Estimamos que esa zona é especialmente óptima, poderíase instalar alí calquera instalación agropecuaria, xa existente ou de nova creación. Aliviaríase o que noutras zonas da provincia están entendendo como sobre explotación, xa saben que non é unha opinión que nós compartimos necesariamente, pero fálase ultimamente de que determinadas zonas están sobre explotadas; pois ao mellor hai que ir buscando novos espazos, novos nichos e este bastaría, como dicía antes, que se subiran a algunhas das penedas, das partes máis baixas das estimacións de San Mamede mirando cara aos Miragres e alí van a ver como hai moito terreo que se o colleran en Israel seguramente farían outra cousa con el. En principio, na miña primeira intervención, nada máis. Grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: grazas señor presidente. Primeiro tomo boa nota do consello do portavoz de Democracia, señor Jácome, e será a última vez que lle dea a razón, aínda que a teña.

Despois, con respecto á moción, nós podemos coincidir coa exposición de motivos, o que pasa é que non compartimos a moción tal é como está formulada; porque en canto á proposta concreta do polígono agropecuario para nós só tería sentido no caso de que existisen iniciativas de transformación que necesitasen dun espazo específico destas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

características; aínda que agora, pola explicación, parece que quedou un pouco máis aberto; non estamos falando dunha zona, así, moi concreta para a instalar empresas, porque, senón, ao contrario sería como as hectáreas que temos en moitas partes do noso territorio en parques empresariais nos que o único que hai son *aceras e farolas* e nin unha soa industria.

Entón, neste sentido queríamos presentar unha emenda *in voce*, unha emenda de adición co seguinte contido: pedir (á parte do que se pide na noción orixinal) que mobilicen terras para darlle máis mobilidade ás explotacións que hai nesa Comarca e que teñan menos custes de produción e promover a través de mobilización de recursos iniciativas de elaboración e de transformación dos produtos primarios.

A xustificación para esta emenda que presentamos, *in voce* digo, é a seguinte; nesa zoa a produción é fundamentalmente de carne e como consecuencia diso se precisa espazo para estableces iniciativas que haxa medidas para facilitalo. Tamén se podería falar, máis xenericamente, da lexislación urbanística, da lei de depredación, que é tan flexible que permite facer minas, eólicos e outras barbaridades; sen embargo é moi restritiva para que no rural poida haber pequenas empresas de transformación. E por moito que fagamos parques non vai haber industrias agropecuarias, como se lles chama, a non ser que mudemos radicalmente a política agraria, incluída a PAC e a política de desenvolvemento rural coa que levamos falado abondo neste Pleno.

Ademais, teño que dicir que nós non compartimos un modelo agrario baseado na concentración de grandes explotacións porque o que realmente fixa poboación e xera riqueza é que en todas as parroquias se poña en valor o potencial existente. Centrándonos xa nesa zona, por exemplo, potenciar a extensificación das explotacións de carne para abaratarlles custes e axudarlles a preservar o territorio, sobre todo o monte; introducir novas fórmulas de pastoreo, non só vacas, hai máis; ovellas, porco celta e establecer axudas para que se poida protexer o gando da fauna salvaxe. E iso si, promover iniciativas para que iso non se venda en bruto; senón introducir algún tipo de elaboración para darlle máis valor engadido, por exemplo hai poderíamos solicitar ou podería achegar algo o centro tecnolóxico da carne á hora de falar, por exemplo, de envasado, produtos precociñados, lácteos, etc..

Dende logo, nós como consecuencia de todo isto pensamos que non é imprescindible un polígono industrial, un polígono agropecuario para iso, poderíase facer

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

sen ese espazo. En todo caso, como concordamos de fondo na moción e se o Grupo proponente ten a ben aceptar as emendas que lle formulamos *in voce*, pois estaríamos dispostos a votar a favor; senón, en todo caso, optaremos pola abstención. Nada máis. moitas grazas.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista: grazas presidente. Bos días a todos e a todas. Dicía o señor Armando Ojea que vivir no rural está mal visto, eu penso que non; non está mal visto, se acaso está mal remunerado porque hai moita xente moza, algunha xente moza, que aposta decididamente por vivir no rural e vailles ben.

Son moitos os que teñen que loitar contra grandes atrancos e por iso merecen, polo menos, o noso recoñecemento porque, en moitos casos son grandes heroes. Proxectos modestos e innovadores como o Proxecto Carambuña en Vilar de Santos, que apostou decididamente por a elaboración e por o cultivo e a diversificación dos produtos que se sacan do sabugueiro. Proxectos innovadores como a plantación de vimbio que está recen plantada, hai escasos meses, en Pidre unha pequena parroquia do concello de Xinzo de Limia, para dedicarse a elaboración de produtos tan innovadores e sinxelos como furnas para os restos de cinzas cando unha persoa falece. Proxectos de razas autóctonas que teñen grandes problemas para adquirir terras para as súas cabezas de gando ou incluso proxectos como os de Samuel, na Veiga de Vilar de Gomareites, alí na Limia, que loita cada día para que as súas reses teñan unha carne de calidade excelente. Polo tanto, nós pensamos que vivir no rural non está mal visto, senón que, en moitos casos, moitas veces está mal recoñecido e mal remunerado.

De todos os xeitos quero facer aquí un par de precisións, o que se nos propón na moción de Democracia Ourensana dende o Grupo Socialista parécenos pouco axeitado e cun total descoñecemento da realidade da nosa provincia e, sobre todo, dos seus sectores produtivos. Non se trata, neste caso, de botar por terra a iniciativa que persegue como fin último, e como acabamos de debater na moción que presentou este Grupo, é de fixar poboación no rural, podería incluso estar ben.

Como tamén queda moi bonito falar, pero non dar trigo, como fai o presidente Feijóo e o propio Partido Popular cando fala de que esta é a lexislatura do rural, para logo abandonar á súa sorte a ese rural e dismantelar servizos ou recortar prestacións e calidade de vida dese mesmos veciños que din defender naquelas parroquias e naquelas vilas que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

aínda se manteñen con escolas abertas e onde, por certo, cada día saímos nos xornais onde se pechan escolas; pero ábrense tanatorios.

Parécenos unha idea un pouco ao chou por varias razón. Primeiro, non sabemos cales son os estudos científicos técnicos para elixir, nesta moción, a ubicación concreta – neste caso o Val do Monte Medo- porque, señores de Democracia Ourensana, hai na provincia outros moitos lugares onde instalar polígonos agropecuarios dependendo das necesidades de cada zona ou de cada comarca.

Segundo, faltan estudos de idoneidade pola ubicación concreta que se nos cita nesta proposta; posto que, en primeiro lugar, non nos parece que sexa un lugar axeitado xa que non polígonos industriais moi cerca e, sobre todo, faltan vías de comunicación axeitadas.

Terceiro, a día de hoxe seguro que existen -e repito- moitísimos polígonos industriais en moitos concellos da provincia de Ourense como dicía o portavoz e compañeiro da Corporación de Xinzo, Ramiro, que estarían encantados de instalar empresas e naves dedicadas ao sector primario; como poderían dedicarse a fábricas de pienso, almacéns de maquinaria, matadoiros e outros moitos relacionados co mundo agropecuario; polo tanto, complementarios deste mesmo sector primario.

Se o que vostedes formulan é potenciar a gandaría en extensivo, dada a xeomorfoloxía desa zona en concreto ou da necesidade de apostar polo pastoreo como medida de loita contra os incendios forestais poden ter algo de razón na súa exposición de motivos e na proposta que fan para adoptar o acordo. Pero aínda con iso, creemos que falar de polígonos agropecuarios cunhas infraestruturas duns custes elevadísimos, empezando de novo nun lugar afastado, repito, de vías principais de comunicación, non nos parece o máis axeitado.

Para este Grupo que represento, parécenos moito máis axeitado fomentar -repito- usos de naves e polígonos que están baleiros ou semibaleiros e pedir, incluso, a competitividade de usos industriais para usos agropecuarios. Polo tanto, coñecedora como son da zona da miña Comarca da Limia e dos intereses que alí se están defendendo, igual que coñecedora doutras comarcas da provincia de Ourense e dos problemas que teñen os produtores do sector primario, non vemos que a proposta de Democracia Ourensana sexa, tal como está redactada, para nós defendible e interesante. Pero, de todos os xeitos, señor Jácome, benvido ao *instamieto*. De momento nada máis e moitas grazas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo Popular: moitas grazas señor presidente. moi bos días a todas e a todos.

O sector primario ourensán ten un importante valor pola riqueza e a variedade dos seus cultivo, ademais da calidade que tamén se pode demostrar no tocante ao seu gando. Este goberno provincial vén apostando, decididamente, pola posta en valor destes produtos agrogandeiros; facémolo, por exemplo, a través do Centro de Desenvolvemento Agrogandeiro de Xinzo de Limia, do Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Riós, do coidado e conservación de razas autóctonas ou axudando a internacionalizar as denominacións de orixe do viño.

Alí onde haxa un produto singular e único polas súas características estará sempre o goberno provincial de Ourense para axudar a potencialo. Unha labor, non obstante, que require de detallados estudos e análises por parte dos técnicos e nesas, precisamente, estamos. Xa se falou no seu día, neste Pleno, da posibilidade de crear unha gran área agrícola e gandeira que podería estar situada na Limia, a Comarca máis agrícola desta provincia, cando menos. Estamos nese proxecto.

Miren, non vemos oportuno incidir sobre o que xa estamos a facer polo que o Grupo Popular vai a votar en contra da proposta que nos presentan. Nada máis. moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana: grazas presidente. Ola de novo.

Vou a empezar dicíndolle á señora portavoz do PSOE que eu non dixen que vivir no rural estivese mal visto hoxe en día; eu dixen estaba, falei das décadas pasadas nas que a xente marchaba. A primeira migración, a parte da emigración cara a outros países, a primeira migración foi cara á cidade. Primeiro estamos falando do despoboamento agora, pero o despoboamento do rural empezou fai décadas. Primeiro despoboouse o rural a favor da cidade, da capital da provincia e agora estase despoboando a provincia. Pero eu estaba falando de fai décadas, ademais dixen especificamente: desde fai décadas.

Hoxe en día non está mal visto vivir no rural, eu estou seguro de que moitísima xente se tivera a capacidade económica de vivir no rural, preferiría vivir no rural que na capital da provincia; eu un deles, xa para empezar, como dixo o meu compañeiro antes.

Outro dos argumentos que dicía a portavoz do PSOE era que hai outros lugares onde se pode facer. ¡Xenial! Se hai outros lugares, que tamén se faga neses lugares: nós estamos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

propondo un. Por certo, esa zona ata hai un tempo chamábaselle da Limia Alta, aínda que é a conca do Arnoia. Esa zona entra un pouca na Limia nas clasificacións clásicas, a Limia chegaba ata Maceda; aínda que non é a conca do Limia, esa conca pertence, como saben, pertence ao Val do Arnoia. Pero bueno, que tamén é a Limia Alta que lle chamaban en sentido xeral.

A proposta que fai o BNG vámolos a aceptar porque nós o que estamos propondo é un polígono agropecuario que, aínda que incidimos no carácter do sector primario, está tamén intimamente relacionado co que se chama o sector secundario de transformación. Son clasificacións moi profesional que tampouco teñen moito sentido.

Fíxese, señora portavoz do PSOE, que propoñemos un polígono agropecuario. Pecuário significa, precisamente, a parte gandeira. Vostede referíase que si tirabamos tamén por esa idea de criar vaca, ovellas, etc... efectivamente, a cousa vai por aí; pecuario é precisamente o que significa, relacionado co gando.

Eu penso tamén no feito...volveron incidir na falta de proxecto; pero se isto é unha opción. Dicían falta de estudos, pero, se precisamente se se aproba a moción, iniciaranse eses estudos. A moción é unha toma de consideración da idea; ou a desenvolvemos ou non. Loxicamente os estudos terán que facerse de xeito posterior. Pero a min chámame moitísimo a atención que o Partido Socialista nos diga que esta moción non é moi concreta cando a deles de antes, aí si que ao mellor si lle teño que dar á razón a quen non me gustaría ter que darlla; pero bueno, por favor... a de antes si era vaga e totalmente xenérica e defendín o seu carácter vago dende o momento que é unha moción e non un proxecto e agora din que a nosa é inconcreta, ¿que queren o proxecto xa feito? ¿queren as parcelas establecidas, o diñeiro que se establece por cada unha? Non, home non; iso virá despois.

A nós parécenos, como dicía, a proposta do BNG perfectamente asumible ademais é unha mera adición que non afecta á idea xeral; en todo caso, amplíaa. Eu creo que é unha idea na que no fondo estaría todo o mundo disposto a asumir, incluso o Partido Popular porque o feito de que o Partido Popular estea facendo o que di o portavoz que xa está facendo non é óbice para poñer en marcha unha nova iniciativa como esta cando estamos dicindo constantemente que fan falta iniciativas empresariais na provincia para todo o que levamos dicindo, loitar contra o avellentamento, crear emprego, *bla, bla, bla*. Non hai

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

ningunha contradición por parte do Partido Popular en votar en contra disto; eu non o vexo. De momento nada máis. Grazas.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista: si, grazas señor presidente, simplemente para responderlle aos propoñentes da moción que, repito, non consideramos que a ubicación que eles propoñen como emprazamento para ese polígono agropecuario sexa axeitado: porque, insisto, cada comarca ten as súas peculiaridades, seguramente na zona de Valdeorras necesitan un polígono agropecuario en relación ao seu produto estrela como pode ser o viño, incluso as froitas e a transformación das mesmas. Noutras comarcas máis gandeiras necesitarán un relacionado cos produtos que alí se desenvolven. Polo tanto non pensamos que ese macropolígono e, sobre todo, explotacións cos problemas que pode chegar a xerar e somos coñecedores dalgúns deses problemas; parécenos que concentrar nun lugar, como poden se esas 1.000 hectáreas, nada menos que o 10% da superficie total do concello de Maceda, sexa o axeitado para ser poboación. Aínda que está moi ben como proposta de que hai uns sectores produtivos que, efectivamente, poderían absorber moi ben man de obra; pero un polígono agropecuario centrado nun sitio en concreto non nos parece o máis axeitado. Seguramente hai moitos sitios, moitos polígonos onde se poden engadir ou se poden usar naves e pódese compartir o uso industrial co uso agropecuario. De momento, nós vamos a votar en contra da moción.

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana: si, aceptamos a emenda. Dicirlle á portavoz do Partido Socialista que isto non é unha ocorrencia nosa, isto foi consultado con expertos do sector, con profesionais do sector. Fomos alí con xente que sabe do asunto e que vive nese mundo e que saben diso e a proposta, xa digo, vén, a iniciativa podemos dicir que parte de expertos do sector; aínda que nós, dentro dos nosos escasos coñecementos, e dentro da nosa escasa vinculación profesional co asunto, entendemos que a idea é estupenda e perfecta.

E nada máis, asumimos a emenda do...o texto, é unha emenda de adición, entón engadiríase: *pedir que se mobilicen terras para darlle máis viabilidade ás explotacións que hai nesa comarca e que teñan menos custes de produción e promover, a través da mobilización de recursos, iniciativas de elaboración e transformación dos produtos primarios.* Isto é o que se engadiría á nosa propia proposta por parte do BNG.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9º](#).

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción tal e como quedaría coa adición do punto proposto polo BNG presentada in voce e que aceptou Democracia Ourensana, que é rexeitada ao obter o voto favorable de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8).

10º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE Á CAMPAÑA EN NEGRO CONTRA AS VIOLENCIAS.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

D.ª Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista: moitas grazas presidente. Vou a dar lectura á moción para que todos e todas coñezamos o que significa a campaña en negro.

Dende o ano 2015 véñse desenvolvendo unha campaña de visibilización baseada na acción institucional e social en rede contra ás violencias machistas que, cada ano, vai sumando adhesións por parte tanto das administracións públicas, como por parte de axentes sociais e económicos cunha presenza de destacados negocios, comercios e empresas galegas.

Esta campaña pon a dispor dos adheridos, entre eles máis de 100 Concellos galegos e as Deputacións de A Coruña, Lugo e Pontevedra e a propia Catedral de Santiago de Compostela, Colexios Oficiais profesionais e empresas, pon a disposición –como dicía-material, carteis, adhesivos, anuncios, etc... xenérico e material específico para desenvolver e adaptar a campaña a cada contexto. A proposta pretende tinguir os espazos público e mesmo de propiedade privada de negro en sinal de rexeitamento frontal contra todas as violencias machistas.

O compromiso con esta campaña implica, para os concellos que se adhiran, que deberán ter unha especial responsabilidade á hora de espallar e mobilizar á poboación e aos axentes sociais e económicos, para tinguir de negro as vilas e as cidades galegas. O compromiso que se adquire é técnico e político e no caso de ter máis de 10.000 habitantes

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

tamén hai unha responsabilidade económica que comporta asumir unha parte dos custos de coordinación, deseño e difusión da campaña; dependendo da poboación do municipio en si. No caso dos concellos pequenos a adhesión é gratuíta, tendo que comprometerse a implementar a campaña.

No tocante ás Deputacións o papel alcanza un nivel superior posto que implica que desenvolvan o seu principal cometido como administración intermedia, asistir aos Concellos, polo que producirán un material de campaña para os municipios participantes na súa provincia, sempre dentro das súas posibilidades.

Dende o comezo do mandato desta Deputación foron numerosas as veces este Pleno adquiriu compromisos relacionados coa loita contra as violencias machistas, porén é a hora de dar un paso adiante e de deixar de protagonizar titulares como o de ser a única Deputación galega incapaz de adherirse a unha campaña que cada vez ten máis presenza na sociedade por razóns ideolóxicas ou partidistas.

Dende que comezou o ano 2018, son 44 mulleres vítimas mortais da lacra da violencia machista e tres menores relacionados co mesmo tipo de violencia. Asemade a violencia machista castiga ás mulleres en numerosos ámbitos que vai máis aló do entorno de relacións sentimentais. Ben é certo que, este ano, o activismo feminista alcanzou grandes cotas de visibilidade e seguimento social; sendo o 8 de marzo un fito no que a mobilización se refire.

Non é máis certo que esta mobilización social precisa do respaldo unánime das institucións, de todos e todas as axentes sociais económicos para que as loitas contra as violencias machistas non decaia. As mobilizacións dos pasados novembro e marzo contribuíron a visibilizar as reclamacións históricas do movemento feminista e implica un paso adiante na complicada tarefa de desnaturalizar e desnormalizar a violencia machista na vida cotiá; o que é moi importante porque se trata dunha causa que precisa o contexto das grandes maiorías.

Esta Administración non pode permanecer impasible ante esta onda imparable e que nace da preocupación social polas escandalosas cifras de feminicidios e asasinatos de menores que padecemos ano tras ano polo aumento das violencias cotiás cara ás mulleres, polas decisións xudiciais incomprensibles, polo aumento aumento das agresións colectivas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

Temos que implicarnos na creación de espazos seguros cara ás mulleres e crear concienciacións sociais para as violencias que agreden á metade da poboación.

Por outra banda, a Audiencia Provincial da Coruña puxo en marcha o 15 de novembro, tras unha reunión co TSXG, un comisión provincial de violencia de xénero. Un organismo dirixido polo presidente da Audiencia e no que están presentes as institucións con competencias neste tipo de delitos, entre as que se atopan a Fiscalía, o Concello, a Subdelegación do Goberno, a Deputación da Coruña, a Xunta de Galicia, a Garda Civil, a Policía Nacional, o Colexio de avogados da Coruña, o Colexio de Procuradores da Coruña e o Instituto de Medicina Legal da Coruña. Esta iniciativa parte do Consello Xeral do Poder Xudicial e prevese implantar nas Audiencias de todo o Estado e ten como obxectivo analizar os erros detectados na mesa de coordinación, así como a súa resolución. Na Comisión estudaranse as cifras de concesións e ordes de afastamento, poñeránse novidades que axuden a mellorar a loita contra a violencia machista.

A Coruña vai ser unha das primeiras provincias do Estado na que se constitúe esta Comisión que pretende coordinar todas as institucións que traballen para erradicar a violencia de xénero, de tal maneira que non haxa fisuras no sistema de proteccións ás vítimas. Na reunión, cada institución designou aos seus representantes nesta Comisión e a acta ten que contar coa aprobación da Sala do Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para que quede efectivamente constituída.

Traemos a Pleno unhas propostas que son moi concretas e faciliñas:

1.- Que a Deputación Provincial de Ourense asine un protocolo de colaboración entre diversos Concellos e Deputacións galegas para desenvolver a campaña “En negro contra as violencias”, asumindo os compromisos que leve implícita á adhesión.

2.- Que a Deputación Provincial de Ourense e comprometa á asistencia técnica e material cos concellos da provincia e que amosaran, amose ou teñan a intención de se adherir a esta mesma campaña. En especial, implicarase co desenvolvemento desta acción en rede nos municipios de menos de 10.000 habitantes con menor capacidade económica para asumir os custes derivados da posta en marcha desta campaña.

3.- Que a Deputación Provincial de Ourense inste ao Consello do Poder Xudicial, ao Tribunal Superior de Galicia e á Audiencia Provincial de Ourense á posta en marcha da Comisión Provincial de Violencia de Xénero de Ourense; organismo encargado de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

coordinar as institucións con competencia neste tipo de delitos e que permitiría unha maior organización e eficacia na loita contra estas violencias e nas que a propia Deputación tamén estaría presente.

Por agora nada máis. Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: grazas señor presidente. Eu vou a insistir outra vez, porque non sempre o reivindicamos e cada vez que tratamos este tema, cada vez que temos ocasión, é que na loita contra a violencia de machista Galicia leva máis dunha década por diante.

As nosas prioridades son, ou deberían ser, outras; precisamos que o Estado corrixa as deficiencias que nos afectan e que son da súa competencia como unha xustiza patriarcal cunha evidente falta de recursos, formación e sensibilización ou falta de financiamento que temos por decisións alleas que impiden que moito do que achegamos todas nós cos nosos impostos teña un retorno para que no noso país poidamos decidir en qué investilo.

No Real decreto lei 9/2018 inclúese a devolución de competencias en igualdade e violencia machista aos Concellos. Consistía en engadir un parágrafo no apartado 2 do artigo 25 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, onde fala de serán competencia do Concello as actuacións de igualdade entre homes e mulleres, así como a violencia de xénero. Con esta medida rectificábase unha das actuacións do goberno de Rajoy que retirara esta competencia ao abeiro da racionalización da Administración pública, á que se opuxo reiteradamente o BNG por supoñer unha recentralización, vulnerar a capacidade de decisión económica dos Concellos e poñer en perigo servizos importantes en vía de consolidación, como os sociais, sen que a Xunta e o Estado se fixeran cargo.

Dende o BNG entendemos que debemos ver con prudencia a demagogia que se está a empregar diante desta devolución de competencias, conscientes de que a loita pola igualdade e a violencia machista é unha tarefa importantísima e non pode recaer de entrada nos concellos e moito menos en exclusiva. Consideramos que o papel dos concellos é importante para sumar na prevención e na sensibilización, tamén na información sobre os recursos ou o aumento da participación a través de mecanismos como os consellos da muller, mesas de violencia e demais; mais o nacionalismo galego ten un proxecto de país e,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018

polo tanto, entende que hai cuestións que deben depender na súa organización e financiamento exclusivamente da Xunta de Galicia, a nivel nacional, por exemplo, os recursos como as casas de acollida, os recursos de cooperación, axudas económicas e de integración laboral. vivendas de protección, etc... É máis, a promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como contra a violencia de xénero implica dereitos e servizos que precisamente pola súa importancia deben ter alcance universal e non estar supeditados á vontade máis ou menos acertada dun goberno municipal, ou dos límites dun termo municipal.

Claramente non teñen encaixe dentro do que debería ser o competencial dunha administración local de maneira exclusiva máis alá da función complementaria que, o expliquei antes, deben afrontar todas as administracións e actividades transversais nas políticas levadas a cabo polos concellos. E así mesmo, independentemente que a tarefa de sensibilización que poidan desenvolver os Concellos, a Xunta de Galicia tamén debe de actuar nese ámbito, tal e como recolle a lei galega e no cumprimento do desenvolvemento da Lei de violencia machista é o goberno da Administración galega a que ten a responsabilidade fundamental desta loita. Debemos, polo tanto, tamén nos Concellos que cumpras as súas responsabilidades e que non aproveite este cambio para desistir dalgunhas das súa funcións.

Outro problema é o da falta de financiamento para abordar este cambio. Comprométense 40 millóns de euros nos orzamentos vixentes (que por certo son 20 máis dos que prometera ou incluía o goberno de Rajoy); mais esta contía non supón para os Concellos galegos superar a súa infrafinanciamento estrutural e só é un parche. Á falta de financiamento dos Concellos galegos engádese, unha vez máis, que non se van a ter en conta as nosas características no reparto destas cantidades. Hai que recordar que no estado hai máis de 20.000 municipios e que non se ten en conta o custe real de cumprir esta tarefa nas nosas circunstancias de avellentamento e dispersión nun país como o noso no que se concentran máis da metade das entidades singulares de poboación de todo o Estado.

Nós, en principio, vamos a, en función de todo o explicado ou do dito, vamos a optar pola abstención ao respecto desta moción que nos presenta o Grupo Socialista. De momento nada máis, moitas grazas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: ola de novo. Efectivamente non é a primeira vez que falamos de violencia machista neste Pleno e hoxe tráese unha vez máis a Pleno con motivo desa campaña, unha das moitas campañas que se están levando a cabo nos últimos tempos para tratar de solventar este problema estrutural da sociedade.

Nós sempre somos bastante escépticos con esta clase de campañas. Eu moitas veces compároas coas campañas antidroga. Vostedes saben que se levan feito moitas campañas antidroga, pero a inmensa maioría delas, salvo algunhas excepcións, non levan tido ningún efecto, ¿por qué? Porque son campañas que van dirixidas a quedar ben con quen non se droga; pero aos drogadictos vaslle con iso e din: *¡no me vengas con esos rollos, tronco!*. Pois eu tamén fago unha comparación con isto. As campañas de violencia antimachista están moi ben, pero convencen aos convencidos, convencen aos que estamos sensibilizados co problema; pero a maioría destas campañas, desgraciadamente, aos machistas e aos agresores machistas éntanlles por un oído e sáelles por outro.

A pesar de que somos escépticos, a ver se algunha destas campañas que se están facendo, estánse tomando medidas de todo tipo; que se paradas antiacoso nos autobuses, que se clases de defensa persoal, que se obras de teatro, que se Apps, aplicacións, programas, de móbiles que se están desenvolvendo para que unha muller poda usalas para dar avisos, etc..

Coincidimos en que, realmente sobre o que están facendo, faltan moitos, moitos recursos económicos. O outro día dicíao na prensa aínda uns xuíces, ou xuristas, que estaban dedicados no asunto que había que asignar moitos máis cartos. Falaba tamén o delegado do goberno de 100 millóns que achegaría o Estado en campañas dese tipo.

Nós, xa digo, dentro do escépticos que somos polas campañas, polos motivos que dixen, facendo a comparación coas campañas antidroga, vamos a votar a favor da moción porque haberá que intentar algo. É dicir, algunhas campañas funcionarán, outras non; non sabemos se esta de “En negro” funcionará na realidade. Dicía aquel señor publicista, Ogilvy, dicir se unha campaña funciona o non vén dos resultados que ten; como os resultados non se pode saber a priori, pois en principio apóianse e xa está.

O segundo punto si que nos parece moi interesante porque curiosamente lévase falado todo o Pleno do rural e das características do rural e aquí temos un caso

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018

diferenciador máis. Precisamente no rural e debido ao avellentamento da poboación viven mulleres que foron educadas noutras épocas, noutros valores e no rural ourensán (e no rural en xeral) danse casos de violencia machista que nunca serán denunciados, posiblemente nunca serán denunciados, porque foron mulleres educadas niso, hai que obedecer ao home, de non montar escándalo, etc... entón unha nova consecuencia das conxunturas do rural. Aí, os concellos, unha entidade próxima á poboación, onde todo o mundo se coñece persoalmente e onde todo o mundo pode saber o que pasa; na proximidade, os concellos si que poden ter algún tipo de información adicional máis alá das denuncias formais nos Xulgados e nas chamadas telefónicas ao teléfono da muller e todo iso e posible que os concellos poidan, se se lles axuda e se se lles dá asistencia, por parte da Deputación e das demais administracións, é posible que poidan colaborar bastante na solución do problema.

Despois xa, o punto tres, que di que a Deputación Provincial inste ao Consello do Poder Xudicial, etc, etc...nós aí tamén o vemos ben. Cremos que todas as institucións públicas teñen que involucrarse e ser coordinadas neste caso por unha comisión que se propón.

Fálase ultimamente de moitos casos, 400 casos n a provincia, etc..., vostedes saben que os casos que se denuncian non son a totalidade deles. Tamén dicía o outro día un experto que a muller non soe denunciar á primeira vez; cando denuncia xa é porque leva aguantado varios e que está xa nunha situación en que non aguanta máis; entón o que se ten que potenciar tamén é esa concepción de tolerancia cero. No primeiro momento que unha muller reciba os múltiples síntomas que xa se están facendo públicos de cómo percibir; porque claro, a agresión machista vai moito máis alá do que son as agresións físicas, como teñen lido todos estes días na prensa como os chistes ata ás veces a dependencia económica fai que se fagan chantaxes por parte dos pais cos varóns, etc..

Eu vou a aproveitar que este pleno se vai a transmitir por televisión e que o vai ser visto por moita xente, para facer público algo que xa está público nas redes, que é o teléfono da muller onde calquera muller pode chamar á mínima sospeita de poida ser vítima dunha agresión machista. É un teléfono da Xunta que é o 900 400 273. Este é un teléfono ao que pode chamar calquera muller, aproveito, como digo, este foro para darlle publicidade. Este é un teléfono ao que pode chamar calquera muller para non caer neste círculo vicioso de non denunciar, de non dar a coñecer; vai ser asesorada, vai ser

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

informada, vai ser axudada e o teléfono e moi fácil de recordar 900 400 273 (900 e 400 é fácil de acordar e 273, se alguén se *olvida*, busquen en Google *cero absoluto*, a temperatura do cero absoluto e xa lle da Google o 273 que falta). De momento nada máis, grazas.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, do Grupo Popular: moitas grazas presidente. Moi bo día a todos e a todas e a todos os que nos seguen a través da páxina web.

Xa lle vou a adiantar que nós vamos a votar en contra, pero voulle a explicar con detalle por qué. En catro sinxelos pasos voulle a desmontar a moción que nos leu aquí fai un momentíño.

Vostede di, a Deputación de Ourense é incapaz de adherirse a unha campaña que cada vez ten máis presenza na sociedade por razóns ideolóxicas e partidistas. A miña pregunta é ¿quen nos convidou? O presidente desta Deputación non recibiu ningún convite, a deputada delegada en Igualdade, a miña compañeira, non recibiu ningún convite. Non sei se vostede o recibiu e non nolo trasladou como deputada provincial tamén. Eu non me podoo adherir a algo ao que non fun convidada. Polo tanto, incapaces de adherirse a algo é unha frase que, dende logo, non ten lugar nesa moción que vostede nos trae.

Tamén me da que pensar que na provincia de Ourense hai nove concellos adheridos á campaña “En negro” e o seu Concello, onde vostede é tenente de alcaldesa, non está adherido. Polo menos iso é o que pon a páxina web oficial da campaña “En negro”. Tamén me choca bastante que traía vostede hoxe esta moción e onde vostede é tenente de alcaldesa nin sequera é vostede parte desta plataforma.

Vén a dicirnos que non nos adherimos a algo no que non estamos convidados por razóns partidistas ou ideolóxicas. Home, unha plataforma que está formada por o partido En Marea de Santiago, capitaneada polo alcalde de Santiago e que vostede tráea aquí, en parte, porque agora son socios de goberno nacional (Podemos, En Marea). Polo tanto vostede tráenos aquí esta moción e dinos que nós somos os partidistas que por razóns partidistas e por razóns ideolóxicas que nós non formamos parte; pero vostede trae aquí unha plataforma que crea En Marea e que, aínda por encima, toda a cartelería e todo o que se utiliza neses escaparates e nesas rúas dásele a unha imprenta amiga do Concello de Santiago.

Polo tanto, eu creo que o seu partido ten bastante incapacidade neste tema, máis que nada porque a súa cabeza visible neste país ao único que se dedica é a pasarse nun yet privado a lo George Clooney; mentres neste país falecen (perdón, grazas), falecen de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

momento, por desgraza, 44 mulleres e tres nenos e el dedícase a pasearse polo mundo da man da súa muller.

Segundo paso para desmontar a súa moción. Vostede di, dende o comezo do mandato desta Deputación foron numerosas as veces...(rogo por favor que... grazas), dende o comezo do mandato desta Deputación foron numerosas as veces que este Pleno adquiriu compromisos relacionados coa loita contra ás violencias machistas; é hora de dar un paso adiante e deixar de protagonizar titulares. Fai hoxe unha semana, venres 23 de novembro, onde todos vostedes foron convidados ao acto institucional contra a violencia de xénero, un acto ao que estaban convidadas todas as actividades e todos os traballadores desta Deputación. Un acto que tivo un gran acollemento por parte de todo o mundo e a verdade que a ningún de vostedes os vin alí. Vostede trae unha moción para salientar e para dar coñecemento dunha plataforma de En Marea; pero o propio acto institucional que fai a Institución na que vostede tamén está representada, vostedes nin asisten.

Por outra banda, tamén lle vou a trasladar, como vostede sabe, que hai máis dun ano estamos a traballar nunha comisión de Igualdade. Unha comisión que xa lle digo que non se fan temas políticos, o que se fai é traballar de maneira democrática e pronto verán á luz un montón de proxectos que seguramente lle porá todas as trancas e barrancas; pero nós o que estamos é a traballar a reo en temas relacionados coa muller e tamén, loxicamente, en temas de violencia de xénero.

O terceiro paso será no que vostede di na moción que as mobilizacións do pasado 8 de marzo contribuíron a visibilizar as reclamacións históricas e que nós permanecemos impasibles. Bueno, pois voulle ter que recordar, voulle ter que lembrar quen secundou esta folga que foi a Deputación de Ourense como vostede ben sabe. Apoiamos, secundamos e moitas das persoas que estamos aquí ata asistimos a esa folga.

A verdade é que xa estamos un pouco fartas en xeral, as mulleres, as miñas compañeiras, isto de vostede por ser muller e ser de esquerdas cree que sabe e que sinte e que se sensibiliza moitísimo máis ca min polos temas de violencia de xénero. A verdade é que iso é menosprezo, o que vostede fai cara ás mulleres coma min, que represento a un partido político de dereitas iso é menosprezar e iso tamén é violencia de xénero. A violencia de xénero non só é matar a unha persoa; a violencia de xénero tamén é humillar e denigrar. E é o que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

intentan sempre facer vostedes, a xente de esquerdas, pensan vostedes que as mulleres do PP non entendemos nin cremos en que isto é unha lacra da sociedade.

Polo menos, por parte das que estamos aquí, das que nos toca falar é un tema que a todas loxicamente nos importa. A calquera muller que teña dous dedos de fronte este tema importa. Polo tanto, eu creo que xa está ben de criminalizar ás mulleres do Partido Popular que non estamos coas vítimas de violencia de xénero. A min iso si que me parece frívolo e paréceme facer unha política miserable; porque xogan coas mortes desas mulleres e deses nenos para vir aquí a facer unha política miserable.

Así que póñanse a traballar, póñanse a traballar porque o único que fixeron foi asaltar a Moncloa para non facer nada. Entón, polo tanto, *espabilen...xa sei que se senten doídos (moitas grazas), espabilen....Rógolles que se tranquilicen porque simplemente eu estou falando de realidades e verdades que lle poden gustar máis ou menos; pero é a realidade que vivimos por desgraza noso país hoxe en día.*

Espabilen porque as transferencias dos fondos do Pacto de Estado en Violencia de Xénero están a facer a todos os concellos da nación a que pertencemos e, polo tanto, unhas transferencias que xa ían estar aprobadas nos Orzamentos de Mariano Rajoy e, tras o asalto á Moncloa, están paralizados.

O último paso no cal lle vou a desmontar a súa moción; vostede di que pide que instemos ao Consello Xeral do Poder Xudicial, ao Tribunal Superior de Xustiza e á Audiencia Provincial para pór en marcha a Comisión Provincial de Violencia de Xénero en Ourense, organismo encargado de coordinar as institucións con competencias neste tipo e que permitirá unha maior organización e eficacia na loita contra estas violencias. Non sei se o sabe, pero segundo a Constitución Española, a xustiza emana do pobo e adminístraa en nome do Rei. De momento o Rei de España chámase Felipe VI, non se chama Pedro Sánchez, aínda que tamén intentan vostedes un asalto a La Zarzuela; non o van a conseguir. Creo que deben crer na separación de poderes....

Voulle pedir a Susana, por favor, Susana ten un compañeiro no seu partido que agora mesmo está facendo violencia de xénero que é denigrar, humillar a unha persoa; entón, polo tanto pídlle ao seu compañeiro Ignacio que me está dicindo que estou moi mal, pídlle, por favor que lle diga ao seu compañeiro, porque está facendo un acto machista, rógolle....pero, ¿non lle parece mal? Ah, como é unha muller do PP... moitas grazas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

Nada máis, miren, xa dicía Montesquieu no seu libro *El espíritu de las leyes: que necesario que las funciones del Estado se dividan para que así el poder se autocontrole a fin de evitar la tiranía*. Céntrense e gobernen onde teñen que gobernar. Moitas grazas.

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista: moitas grazas señor presidente. É que son tantas cousas, a verdade non quería entrar, esta moción paréceme demasiado seria para mesturar certo tipo de cousas nesta moción; de verdade paréceme moi serio. Eu non sei se algún o tomou a cachondeo e dicir vamos a saír por aquí porque a ver que pasa.

En non dixen en ningún momento que as mulleres do PP non estiveran en contra da violencia de xénero, ¿eu dixen iso nalgún momento? Non, non me oirá a min dicir iso, a min non me oirá dicir iso. E que diga que asaltamos la Moncloa, que asaltamos hasta la Zarzuela, ¡home, por favor! É unha acción democrática, foi unha moción de censura democrática, senón non estaría gobernando quen estaba gobernando. Eu creo que estamos ante un tema moi serio como para empezar a desvirtuar e saír polos cerros de Úbeda, como se soe dicir coloquialmente.

Eu vou a seguir co que tiña porque, de verdade, non vou a entrar máis; non porque creo que este tema é moi duro, non o merece, non o merece este tema para nada. Para nada merece descualificacións, para nada merece cambiar temas. Eu non entrei en descualificacións, non entramos en ningún tipo. Polo cal se trata dun tema que traíamos, parécenos unha campaña acaída para aquí e trátase de concienciación social e educación. Visibilización.

Mire, eu vou dicir que esta campaña representa un terzo dos concellos galegos e está convertida xa, de facto, nunha campaña do país. Os datos están aí, 102 Concellos, 288 axentes sociais e 3 Deputacións. Si, o meu Concello non está adherido, porque no meu concello, por desgraza, ao mellor non recibimos o que queríamos recibir, non recibimos destas subvencións nominativas tantas como queríamos recibir; polo cal o que temos é o que temos. Temos que xogar, temos un CIM a través da Mancomunidade, temos que xogar coas cartas que nos tocaron.

A loita contra as violencias machistas contra as mulleres está por riba dos intereses partidistas. Todas as compañías, de momento, sociais son benvidas, porque esta sociedade

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

non pode ser do século XXI se non combate as violencias contra a metade da sociedade polo simple feito de ser muller.

Debemos seguir reivindicando o pacto social e pacto político contra as violencias machistas e os Concellos temos moito que dicir, somos unha peza imprescindible nesta batalla, o primeiro recurso, e en ocasións o único que teñen ao seu alcance as vítimas. Somos a Administración máis cercana aos veciños e ás veciñas.

A campaña “En negro contra as violencias machistas” está sendo de gran mobilización e seguimento social. Isto é do que se trata unha campaña, isto forma parte do seu éxito. O triángulo branco sobre fondo negro (que non lle gusta a algúns) é agora unha marca recoñecida en toda a comunidade. Non debemos esquecernos que a mobilización social precisa do respaldo unánime das institucións pero tamén de todas e todos os axentes sociais para que a loita contra as violencias machistas sexa efectiva. Aínda que para moitos e moitas que non cren nas protestas, nin nas manifestacións, dicirlles que grazas ás pancartas, grazas aos movementos feministas, señor Lama, vostede e eu estamos hoxe aquí; grazas a estes movementos.

É necesario proxectar unha imaxe de unidade e de forza institucional necesaria para condenar aos que exercen a violencia. De verdade é necesario. O que hoxe pasou aquí, eu non me quero saír do tema porque me parece moi triste; de verdade paréceme moi triste que mesturemos neste tema tan sangrante, tanta xente que está sufrindo ao noso arredor, tanta xente que acaba coa violencia máxima, que é asasinada.

Segundo todos os datos, a violencia de xénero non está en regresión; máis ben en mutación. O que se ve nos mozos é un xerme que fai entrever un futuro moi pouco *halagüeño* en materia de violencia de xénero. As medidas de represión penal son insuficientes para combater a violencia de xénero. Non podemos esquecer que fomos, somos e podemos ser vítimas de violencias machistas polo simple feito de ser muller. Estas violencias poden ir dende unha violación ata un asasinato.

Nós propoñemos unha Comisión Provincial de Violencia de Xénero que é unha ferramenta máis que estaría aí, na cal estarían presentes todos os axentes políticos, civís, xudiciais e policiais involucrándose nesta lacra social; converténdose nun órgano que facilite unha maior coordinación e seguimento.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

O combate contra a violencia machista e á atención ás vítimas non pode esperar e non avanza se non se establecen mecanismos de coordinación entre as diferentes institucións.

Vou rematar xa dicindo que existe un problema moi grande na sociedade, un gravísimo problema, unha *asignatura* pendente: crer nas mulleres. moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: grazas señor presidente. Eu non tiña pensado intervir, volver a ter outra intervención, de todos os xeitos, despois do escoitado aquí tampouco podo permanecer calado.

Eu creo que lle van ter que dar un pouco máis de protagonismo á señora Lama porque cada vez que lle dan o micrófono aproveita para falarnos absolutamente de todo, do divino e do humano, aínda que non veña ao caso. Dende logo, paréceme, non grave, gravísimo falar de asalto, asalto á Moncloa. ¡Falar de asalto á Moncloa! É que eu penso que é intolerable porque un Parlamento democrático escollido por todos os cidadáns decida unha cousa e a poña a un goberno, a falar de asalto, eu creo que é totalmente alucinante. Nótase, iso si, que empeza a permeabilizar dende a cabeza ata os niveis máis baixos a nova doutrina do señor Casado, o seu novo líder, e iso empézase a ver en todos os niveis e finalmente chegou aquí.

Dito isto, eu tampouco agardaba este tipo de debate á hora de falar desta cuestión, porque é unha cuestión grave, que todos compartimos que é grave e, en todo caso, tampouco se poñan flores vostedes, señoras do Partido Popular, e menos nesta Casa á hora de falar de violencia machista e á hora de falar de loita contra as violencias machistas; non se poñan vostedes flores e menos nesta Casa. Non teño máis que dicir. Moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: non sei, pouco máis que engadir. A nós tamén nos parece, dito xa á marxe, que se poñan en dúbida os procedementos democráticos previstos por a Lei para ocupar o poder. Os procedementos se son legais unha de dúas, ou respectamos a democracia representativa ou non a respectamos.

Á marxe diso, simplemente facerme eco dun apuntamento que fixo a portavoz do Partido Socialita. Efectivamente parece ser que a violencia machista toma agora *derroteros* diferentes grazas ás novas tecnoloxías. O outro día dicía unha experta que o porno está, dalgunha maneira, fomentando violencias machistas; ao mellor non nos formatos clásicos porque xa saben que pode haber moitas formas diferenciadas de violencia machista: dende

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

o rapaza que lle obriga a moza a ter activada a ubicación do móbil para saber onde está, etc, etc...

Outro detalle que me gustaría recordar é que o outro día a señora Ana Pastor foi tildada nalgúns medios de institutriz, de algún xeito como se fora a señorita Rottenmaier, algo que seguramente non se diría se o presidente do Parlamento fora un home. Nesa clase de cousas tamén temos moito que mellorar.

Nós, tal como dicía na miña primeira intervención, aínda que dubidamos das eficacias das meras campañas –polos motivos que xa dixen- é difícil dende unha campaña publicitaria cambiar tendencias sociais, é moi difícil dar co punto exacto; pero bueno ímoslle dar un voto de confianza a esta.

Tamén estaremos pendentes porque tampouco queremos que os cartos públicos que se destinan, neste caso, á loita da violencia machista se convertan nunha montaxe de *chiringuitos*, como adoita dicirse. Ás veces móntanse demasiados *chiringuitos* encamiñados a dar unha aparencia, campañas de cara á galería que convenzan aos convencidos; pero despois o que fagan e repartirse os cuartos entre empresas amigas etc... que lles vou a dicir a vostedes de todo iso. Sinxelamente estar atentos a que eses cartos se gasten de xeito que sexan eficaces á hora de combater este problema. Reiterar que votaremos a favor. Grazas.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, do Grupo Popular: bueno, para tranquilizar un pouco a situación, vou a modificar un pouco a miña frase; en vez de dicir *asalto á Moncloa*, vou dicir *asalto democrático á Moncloa*; así vostedes supoño que estarán máis tranquilos e van a durmir máis a gusto, aínda que non creo que lle importe o máis mínimo o que eu lle diga.

Vostede dixo antes que vostede non foi a que me fixo o comentario, pero vostede nese intre era a portavoz do seu partido e non fixo nada, nese intre, para paralizar o que estaba acontecendo nesta sesión. Polo tanto, non queira vostede mirar para outro lado en cousas que xa temos vivido aquí noutras situacións con certos persoeiros do seu Grupo.

Vostede dime que non se adheriu por tema de orzamento ao tema da campaña “En negro”, pois voullo dicir porque mo acaba de dicir a miña compañeira de Barbadás, Barbadás adheriuse e custou 500€ a adhesión á campaña “En negro”. Entón xustificar aquí que non se fixo esa adhesión por cuestións económicas a verdade é que me parece bastante ridículo.

E xa llo vou dicir, máis feminista ca min, non é vostede e pódello preguntar a calquera persoa que me coñeza ou ao meu marido, ou aos meus pais; pódelle preguntar a quen vostede

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2018
--

queira. Máis feminista ca vostede son eu, máis feminista e máis persoa, muller que defende os dereitos das mulleres son eu ca vostede, pódollo asegurar, por moitos motivos.

Voulle lembrar vostede di que o importante é, loxicamente estamos falando un tema súper importante. Unha *lástima* que acontecera o que aconteceu, que é seguir vivindo cerca e tratando do mundo laboral con homes machistas, que seguen existindo e no seu Partido. O máis importante é que o seu partido aínda non fixo a transferencia –xa llo dixen antes- dos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero; algo que axudaría a concellos como o seu para poder adherirse a campañas como a que vostede nos trouxo hoxe aquí.

Antes, o Bloque Nacionalista falaba de que fai falta formación. Estou totalmente de acordo, pero eu creo que xa chega un pouco tarde porque o outro día renovouse o protocolo contra a violencia de xénero e artella propostas concretas –a Xunta de Galicia estou a falar- en educación, sanidade, xurídico social. Pero tamén, non llo ía dicir, pero voullo dicir, creo que hoxe vostede e o seu partido é o menos indicado para vir falar aquí de nada que teña que ver cunha muller, porque unha persoa concelleiro, edil, do Concello de Barbadás, do seu Partido, *está investigado un edil de Orense por un suposto delito de acoso laboral hacia una funcionaria en el Ayuntamiento*. Está no Xulgado; polo tanto, non estou dicindo que sexa ou non sexa, estou dicindo que vostede hoxe é o menos indicado para vir falar deste Grupo de Goberno e do noso Partido. Polo tanto, mantéñase á marxe nese tema.

Pola nosa parte simplemente dicir que, dende logo, repetirlles que non só as mulleres que me acompañan neste Grupo de Goberno; senón todos os homes, compañeiros nos preocupa estaituación e, dende logo, a quen máis lle ten que preocupar é aos que nos están gobernando agora mesmo no noso país e, polo tanto, fagan o favor, trasládenlle a importancia de que fagan esa transferencia para poder seguir traballando e para poder seguir intentando frear esta lacra que, loxicamente, é inadmisibile. Pola miña parte nada máis e moitas grazas.

